

## **CONCELLO PLENO**

### **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2011/01

**CARACTER:** ORDINARIA

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 17 de xaneiro de 2011

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **17 de xaneiro de 2011** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D.Horacio Cupeiro Rodríguez.

**Polo Grupo do P.P.**

D.José Carlos Rodríguez Andina

Dª Ana María Docobo Fernández.

D. Jesús López Penabad

Dona Begoña Sanjurjo Santar.

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Balbino Pérez Vacas

D. Ramón López Pérez

Dona Maria José Rodríguez Arca

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D. Francisco Rivas Álvarez

Agustín Reymondez Gancedo.

**Secretario:**

D. Manuel J. Diaz Sánchez

**Interventora:**

Dª Olalla Alvarez de Neyra Martínez

**Técnico de Admon. Xeral.**

D.José Rodil Veiga.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**2011/01/01.-APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS ORDINARIA DE 15 DE NOVIEMBRE E EXTRAORDINARIA DE 21 DE DICIEMBRE DE 2010..**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlles a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

**2011/02/02.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA NÚMEROS 179/2010 DE 19 DE OUTUBRO Á NÚMERO 231/2010 DE 31 DE DICIEMBRE DE 2010.**

Comeza intervindo o Sr. López Pérez, do grupo municipal do PSOE, que se refire ao primeiro decreto de 19 de outubro de 2010, e di que hai un asento, o num. 1.215, onde figura un pago de 4.000 euros a Aquagest e di "Baleirado da fosa séptica da praia das Catedrais". Manifesta que se sabe o que é este baleirado pero que el se molestou en solicitar a Intervención municipal aquela mañá a factura e di que fai unha reflexión , en alto, porque non lle parece sería a maneira de pasar ao cobro estas facturas, porque a factura reflexa "baleirado de fosa séptica" por 4.000 euros, di que el queredo saber, polo menos, as horas que se emplearon, o material etc... unha factura que sirva para control porque, sinceramente, nunha Administración un pouco sería esta factura non debería admitirse con soamente este concepto. Di que a el non lle aclara nada e dubida moito que llo aclare a ninguén, repite que son 4.000 euros, pregunta se o Alcalde lle pode aclarar as horas que foron de traballo ou como foi, que algo se saberá.

O Sr. Alcalde responde que foi un baleirado periódico, pero que o que sí que sabe dicir, porque se acorda, é que contraste esa cantidade de diñeiro coa que se pagaba nos anos 2005 e 2006 que pensa que era de 9.000 euros cada mes e era na mesma praia e na mesma fosa.

O Sr. López Pérez di que non sabe , pero que lle está preguntando por esta factura.

O Sr. Alcalde di que era outro operador e que tamén o nivel de detalle era ruín, que era bastante parco.

O Sr. López Pérez di que non o sabe, pero que a factura que están mirando pon “Baleirado da fosa séptica” 4.000 euros, como se pon 20.000, xa que como se paga con pólvora do rei, eque podía poñer algo máis, que é o que el pide, unha aclaración.

O Sr Alcalde di que eso se paga con unha subvención da Deputación.

O Sr. López insiste en que son cartos dos cidadáns, sexan da Deputación, do Concello, que son dos cidadáns.

O Sr.Alcalde reitera que son notablemente máis baixos que no ano 2005 e 2006.

O Sr. López Perez contesta que non quere que lle fale do 2005 e do 2006, se non que lle fale do 2011 e que como son cartos de todos que a el e a tódolos cidadáns lles preocupa saber como se gastan os cartos, non que se pagan alegremente.

O Sr.Alcalde insta a que contraste as facturas diferentes para un mesmo traballo nun mesmo punto.

O Sr. López Perez di que xa o sabe pero que esta factura está eiquí e as outras non están. Refírese a outra cuestión, no decreto de 19 de outubro hai un asento, dous asentos, de “Reparación do Camión Mercedes de Lixo”, do 2342CHN, e quere preguntar non polas cuantías, se non por qué norma nunha ocasión se leva a reparar a “Enrique Freijeiro Eliseo” que non sabe quen é ese señor, se é de Ribadeo ou de fóra, noutra ocasión se leva a Louritrán Automoción, outra a Autos Moirón... e quería preguntar por qué esta diversificación.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, contesta que en función da avería que sexa ás veces vaise a un sitio ou a outro, cando son averías ou mantemento de cambio de aceite, menudas, que se pode reparar eiquí, sen ter que levalo a Lugo, pois acúdese a Moirón ou a Navia ou a calquera sitio de reparación, e di que Eliseo é de Ribadeo e que debeu ser polo tacógrafo ou algo diso. Explica que cando son cousas que se poden solucionar perto, en Ribadeo, que se fai eiquí porque non ten obxecto ir a Lugo por unha cousa destas.

O Sr. López Pérez refírese a continuación ao decreto de 21 de outubro, o 182/10, o asento 1.297 di "Participación na organización e xestión do Correlingua" por un importe non que non figura a cantidade. Pregunta cal foi a participación do Concello nesta organización.

A Sra. Concelleira Delegada de Cultura, a Sra. Álvarez Lastra, di que é dos Concellos que participan no Correlingua, que non sabe nese momento unha cuantía económica, pero que sí que sabe que hai unha parte a modo de subvención que se da para poder participar o Concello que acode ao Correlingua, di que non sabe dicir nese momento, que o tería que mirar porque non o sabe.

O Sr. López Pérez refírese a outro decreto, o 202/10, o asento 1589, onde figura un pago por servizo aos dependentes do piso tutelado do Centro Clínico Ribadeo. Pregunta se se resolveu esta situación.

O Sr. Alcalde responde que non, que están en proceso de licitación.

O Sr. López Pérez continúa referíndose a dous decretos o 216/10 e o 222/10 que son pagos de subvencións, di que quería se se lles puidera aclarar porque hai un coeficiente corrector, da puntuación obtida, pregunta en base a qué se facía ese coeficiente, cómo se obtían eses coeficientes.

A Sra. Interventora, pregunta que decreto é.

O Sr. López Pérez dílle que o 216 e o 222 e explica que en un deles pon puntuación obtida, que é 16 e despois imaxina que esa puntuación debe ser unha porcentaxe da contía que se solicitou que é o que se subvenciona, pero no 222 hai un coeficiente, que tamén son subvencións nominativas que poden ser de actividades deportivas, culturais, etc.

A Sra. Interventora contesta que cre que era porque se adoptou o coeficiente corrector a proposta de intervención porque nos outros supostos sóse poñer nas bases, por tal cousa tantos puntos, por non sei que tantos puntos, ata que dera 100, co cal era moi sinxelo facer a porcentaxe, pero no caso das deportivas o importe total era 180, entón para poder facer unha porcentaxe do 100% aplícase o coeficiente corrector, de tal forma que 50 puntos convertíanse en 25, isto ten un corrector do 50, porque non daba exactamente, no suposto de que unha entidade acadara o total dos puntos, acadarían lle parece que 180 ou 170, e como non daba unha base 100 para calcular a porcentaxe meteuse un coeficiente corrector para que fora máis fácil realizar os cálculos.

O Sr. López Pérez, seguidamente refírese ao decreto 220/10 que é unha petición onde din eles que no asento 2.089 hai un concepto que son 1.000 embudos para aceite, do núcleo de sostibilidade. Matiza que imaxina que estará subvencionado.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente responde que se é a través do núcleo que sí.

O Sr. López Pérez di que hai un erro enorme nestes embudos, que non sabe se os demais se dan conta, pola ubicación da rúa Pasarón y Lastra, que puxeron que é onde están os taxis e non é esa rúa. Pregunta se se van devolver ou foi un erro ou como foi eso.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, di que non se devolverán, e que posiblemente o Técnico do Núcleo de Sostibilidade se equivocaría neso.

O Sr. López Pérez di que é a rúa Clemente Martínez Pasarón, non Pasarón y Lastra.

O Sr. Cupeiro Rodríguez admite que pode ter sido ese erro.

O Sr. López Pérez di que sí que o hai.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que o importante neste tema é o feito de que a xente poida realmente tirar o aceite e que cada día se está recollendo máis cantidade de aceite, eso é o tema medioambiental.

O Sr. López Pérez continúa dicindo que hai outro, o asento 2.100 de NOVOTEC, de pago de 22.000 euros de “Plan de Mobilidade Urbana e Sostibilidade”.

O Sr. Cupeiro Rodríguez explica que é do Plan de Mobilidade que teñen sen presentar, pero que realmente quen o fixo é NOVOTEC que era unha das condicións polas que se concedeu o núcleo de sostibilidade.

Pregunta o Sr. López Pérez se houbo que aboar iso a NOVOTEC , esa cantidade de 22.244 euros.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, explica que ía no proxecto do núcleo que foi aprobado.

O Sr. López Pérez pregunta en que consistiu o que aparece no rexistro, o decreto 223/10 de data 15 de decembro, que ten o rexistro 2.116, e que di “5ª Proba do Campeonato Galego de Todoterreo”, no que hai unha aportación ao Club Ecotrack Galicia de 3.480 euros, pregunta qué participación foi esta.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Deportes, di que o Club Ecotrack Galicia organiza tódolos anos o Campionato Galego de Todoterreos, por eso é a aportación que lle fai o Concello por organizar en Ribadeo o Campionato Galego de Todoterreos.

O Sr. López Pérez apunta se llo permiten, se esto de gastar 3.480 euros nesto é rentable para o Concello ou para os cidadáns.

O Sr. Castro Reigosa di que non sabe o que entende por rentable, realmente por rendibilidade.

O Sr. López Pérez di que que se aporten 6.000 euros para as festas da patrona ou 12.000 pois está ben, é un aliciente para a vila, negocios, pero 3.480 euros, qué rendibilidade saca o Concello de Ribadeo con esto ou os cidadáns.

O Sr. Castro Reigosa, explica que a rendibilidade que pode sacar o Concello de Ribadeo é que a xente que atrae durante a fin de semana que se organiza o campionato, a xente que ven a Ribadeo, tanto participantes como achegados do mundo do motor.

O Sr. López Pérez di que quere tratar outra cuestión, un pago a unha librería de Ribadeo de 2.500 euros por adquisición de libros para a biblioteca, pregunta qué libros se compraron, se se trata dunha enciclopedia.

A Sra. Álvarez Lastra, Concelleira delegada de Cultura, responde que non, que hai un proxecto de subvención da Xunta no que da un monto total de diñeiro, segundo a inversión que se faga en libros, por exemplo o 60% finánciao a Xunta con unha subvención, pero para recibir ese 60% de fondos para a biblioteca enténdese fondos para nenos, para adultos, o fondo bibliográfico que ten a biblioteca municipal, no que o Concello ten que invertir unha parte e a outra parte está subvencionada pola Consellería, entran tamén dvd's, vídeos, material para a biblioteca, etc.

O Sr. López Pérez, pregunta en qué participou o Concello xa que hai un pago á empresa Andamiaxe Novos, e refírese tamén ao decreto 226, de II Concurso de Guións Cinematografía, Cine nas Aulas, "Programa de Igualdade", por 3.776 euros.

A Sra. Álvarez Lastra explica que son unhas campañas que se fan nos centros de ensino "Un futuro por compartir en igualdade", esta é a sexta que se fai, e son os talleres que se fan cos nenos de secundaria de tódolos centros de ensino de Ribadeo, onde elaboran unha serie de guións cinematográficos, hai un xurado, deses guións selecciónase un, e logo faise a grabación e editase unha unidade didáctica para traballar e para dar aos centros de ensino.

O Sr. López Pérez refírese agora ao número 227, o asento 2.203, que di "Minuta por Contencioso número 1, execución 26/10. Imaxina que será unha procuradora e pregunta qué contencioso foi ese.

O Sr. Alcalde di se se trata de un de 340 euros e di que el non llo pode dicir nese momento pero que é unha procuradora.

O Sr. Secretario responde que é dunha procuradora de Oviedo, polo contencioso de Andrea, nunha convocatoria de axente de desenvolvemento local por unha execución de sentenza.

O Sr. López Pérez dí que quere rematar preguntando sobre un pago de 1.180 euros por un Informe sobre Aprobación Orzamentos vinculados a unha Cuestión de Confianza, pregunta quen é o señor Xoán Antón Pérez Lema, o que se pagou por este informe 1.180 euros.

O Sr. Alcalde di que foi un xurista.

O Sr. López Pérez pregunta se sería necesario recurrir a xuristas externos, pagar 1.180 euros, tendo xuristas no Concello de Ribadeo.

O Sr. Alcalde contesta que sí e o Sr. López Pérez afirma que non ten nada máis que preguntar.

Continúa o turno de intervencións facendo uso da palabra o Sr. Rodríguez Andina, do grupo municipal popular, que di que van ser moi breves, por un lado, explica por non ir de número en número, diríxese ao Sr. Alcalde e di que dende o número 179/10 todos estes de pagos e decretos abundan de forma escandalosa “Publicidade e Propaganda” e cando non é eso é “Outros gastos diversos”, que volve a ser publicidade e propaganda, e despois actividades culturais e deportivas, que soe ser confección de carteis, é dicir de publicidade e propaganda, e ademais moitas veces tamén “Atencións Protocolarias e Representativas”, que volve ser publicidade e propaganda.

Manifesta o Sr. Concelleiro no uso da palabra que considera que nestes momentos, que haxa tantos gastos, e os ten marcados eiquí, a bote pronto, 7, 10, 14, 15 dunha sentada nun decreto. Continúa 5, 6, outros 12 ou 15, noutro decreto e así sucesivamente, publicidade e propaganda, outros gastos diversos.

Que pensa que esto é o que se chama gastos correntes e aí é onde cren que hai que medirse fundamentalmente. Tamén lles chaman a atención 3 cousas, primeiro que hai un distinto tratamento de todas as APAS dos centros Escolares, di que diría incluso que, espera que non se enfaden os da “Porta da Auga”, que partindo de que o “Porta da Auga”, ao ser agora un Centro de Medias e outro Centro de Formación Profesional son dous absolutamente separados, e por tanto, contan como dous, quere dicir que ao final reciben o dobre que calquera dos outros centros, pero repite que as APAS teñen un tratamento distinto.

Manifesta asimismo o Sr. Rodríguez Andina que por outro lado supón que a Coral Polifónica e Amadores, esas cantidades que difiren moito do resto das cantidades é porque incorporan os convenios correspondentes supón, e despois di, “que quere que lle diga”, parécelle curiosísimo que cando un empeza a mirar as asociacións máis ou menos culturais, que traballan máis ou que traballan menos, seguro que porque traballan máis, non lle cabe a menor dúbida, pero quen recibe máis é a Agrupación Cultural Francisco Lanza, di que seguro que ten máis actividade pero di que hai cousas que igual non, entón cre que hai que medirse nesas cousas e cren que así en plan xenérico, por hoxe, é suficiente.

Continúa falando o Sr. Alcalde e di que como lle fixo un ataque masivo “por terra, mar e aire”, di que van intentar con toda cortesía contestarlle. Pregúntalle ao Sr. Castro Reigosa se quere responder a algo de toda a primeira parte.

O Sr. Castro Reigosa explica que referente aos gastos de publicidade e propaganda, que evidentemente poden aparecer moitos, cantidade deles, e aí está incluída prensa, anuncios, tanto de prensa como de todo tipo de anuncios que figuran no apartado de publicidade e propaganda. Di que despois tamén hai carteis anunciadores, evidentemente, pero carteis anunciadores nun número moi reducido, ao mínimo, e que teñen que editar porque se esixe para moitas das subvencións, explica que para xustificacións de moitas subvencións hai que aportar cartel correspondente á actividade de publicidade, entón en gastos de publicidade e propaganda, en concreto no que é publicidade de cartelería e cousas polo estilo está reducido ao mínimo, tanto que o mínimo de 30 carteis, que xa é o mínimo que se pode facer.

O Sr. Alcalde dí que quere engadir que, efectivamente, a chea de anuncios, de expedientes administrativos que teñen que ir a diferentes boletíns ou a diferentes xornais están dentro deste capítulo pero, indo máis aló, esto que lle di de atencións protocolarias considera e convídao cando queira, comparando o período que queira, da súa época ou do mandato anterior, a que se comparen as atencións protocolarias de hai 4, 7 ou 8 anos, con o ano 2010, por poñer un exemplo. Refírese a estes días que levan agora, cos do 2010, e pode comparar tamén as dietas que o Alcalde cobra por ir por diferentes puntos da parroquia coas que se cobraban antes, dende logo, que cobra cero. Tamén pode comparar con calquera tipo de gasto co que se podía gastar hai 8 anos, 5 anos, 6 anos, ou 10 anos, di que cando queiran que lle pidan á interventora esa serie de estadísticas. Refírese tamén aos distintos tratamentos das APAS dos centros Escolares.

A Sra. Álvarez Lastra, Concelleira delegada de Cultura, di que as subvencións que ten son nominativas, que estaban xa no presuposto de anos anteriores e as APAS non teñen subvencións, non teñen convenio ningún, se non que



veñen segundo o volume de actividades que fan, segundo a solicitude, e que a interventora fai a porcentaxe segundo os puntos que hai.

O Sr. Rodríguez Andina di que o curioso é que un pide 1.900 e danlle 600 euros e outro pide 2.500 e danlle 2.200 euros, entón soa raro, non está dicindo que igual non teña que ser así, pero soa raro e é así, afirma.

A Sra. Álvarez Lastra di que é por puntos, que está feito por Intervención Municipal e hai algunhas que sí que son nominativas, que están no presuposto como nominativas.

O Sr. Alcalde intervén e di que, en todo caso, a semana esta que entra que o convida a que poidan mirar ou cotexar as discrepancias.

O Sr. Rodríguez Andina pide perdón, dicindo que ten que facer unha matización a unha afirmación que acaba de facer o Sr. Alcalde, absolutamente falsa. Manifesta que non sabe se no goberno anterior o Alcalde cando ía polas parroquias cobraba dietas ou quilometraxe, pero que dende logo, na época de goberno do PP, cando el era Alcalde nin unha dieta nin un quilometraxe por ir polas parroquias, é dicir, que ahí todas as comparacións que teñan porque dende cero a onde o Alcalde queira.

O Sr. Alcalde aclara que se refire ao grupo de goberno en xeral.

O Sr. Rodríguez Andina corrixe dicíndolle que se refiriu ao Alcalde.

Agora o Sr. Alcalde di que amplía ao grupo de goberno, e que se compare tamén o soldo do Alcalde do goberno do Concello actual co de hai 10 anos.

O Sr. Rodríguez Andina di que compare o soldo que ganaba o Alcalde de hai dez anos no seu traballo co que gañaba o Alcalde actual no seu traballo.

O Sr. Alcalde di que se está falando do Concello e cre que as responsabilidades non son menores das de fai 10 anos, se cadra un chisco maiores.

Intervén a continuación o Sr. Rivas Álvarez, do grupo municipal de UPRI, que se refire ao número 181, no 1.359, onde hai un pago de Fernando Martínez Rodríguez, un festival de promoción de sistema arbitral, de 1.972 euros, pregunta se foi publicidade.

O Sr. Alcalde dí que supón que se é do sistema arbitral será de consumo.

O Sr. Rivas Alvarez, pregunta qué se fixo con 2.000 euros en consumo, o 4 de xuño de 2010.

O Sr. Alcalde di que sería un concerto ao aire libre ou algo así.

O Sr. Rivas Álvarez continúa falando de outro pago de “Obradoiros Foros da Muller”, 1397, dunha tal Dolores Rizo Vidal, á que se lle paga , e pregunta se foi un taller que se fixo.

A Sra. Álvarez Lastra di que son, dentro do programa de foros permanentes, as charlas e talleres que se fan sobre memoria e demais, que se trata dun gabinete que lles fixo actividades o ano pasado e que estaba subvencionado pola Deputación. Di que corresponde a 4 sesións, non sabe o número de talleres que foron, que agora mesmo esta mesma empresa está facendo un en Remourelle, da memoria, durante catro sesións, dúas horas, e en Ribadeo outro sobre prevención da depresión, tamén de catro sesións, dúas horas cada sesión.

Fala agora o Sr. Rivas Álvarez do número 182/10, no asento 1.298, hai un pago a Autos Rodríguez que pon Viaxe a Covelas con alumnos do Sagrado Corazón, pregunta se só foron os do colexio Sagrado Corazón.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que non sabe se foron só eses, pero que o solicitaron. Diríxese á Sra. Sanjurjo Santar, do Grupo Municipal Popular, e di que efectivamente pediron para poder ir con eles o Día da Árbore, e entón unhos anos faise unha actividade, pero que fora a Sra. Sanjurjo Santar realmente quen o pedira e entón, lóxicamente, aceptouse.

O Sr. Rivas Álvarez refírese ao decreto numero 183, no asento 1.453, que pon Campaña Publicitaria da Festa do Percebe en Rinlo, que lle parece moi ben que se publicite, págaselle a Ideart Eo CB, 900 euros, que dito así non pasaría nada, pero que se se vai ao asento 1.488 pon Campaña Publicitaria da Festa do Percebe de Rinlo, a mesma, á mesma empresa e páganselle 1.233,70 euros e pregunta se se fixeron dúas campañas de publicidade.

O Sr. Alcalde contesta que foron unha serie de gastos, di que terían que ter as facturas alí, pero que responde a un convenio coa Deputación Provincial de Lugo, no cal sufragan todos eses gastos, que eran publicidade radiofónica, nos medios de comunicación escritos, así coma unha serie de carteis que se puxeron por toda a comarca da Mariña e o occidente asturiano, incluso poñelos.

O Sr. Rivas Álvarez dí que chámalle a atención que hai polo mesmo concepto dúas facturas diferentes dunha empresa.

O Sr. Alcalde di que se vai buscar as facturas concretas verá que os conceptos serán totalmente diferentes, que dende logo non se vai pagar nada duplicado, pero que supón que un será carteis e outro publicidade en prensa.

O Sr. Rivas Álvarez di que de prensa hai bastante tamén, o que pasa que non vai entrar nela. Di que hai no mesmo decreto, o 1476, un aluguer de carpa para o Antroido, que son 1.800 euros, e pregunta se non se pensou nunca en comprar unha carpa, porque con tantos alugueres...

O Sr. Alcalde pregúntalle que cantos Concellos compraron unha carpa.

O Sr. Rivas Alvarez, di que non sabe pero que ao de Ribadeo facíalle falta. Refírese tamén ao número 1.486 que pon Adquisición de Equipo de Son para actos do Concello e que comprouse un equipo, de 3.200 euros.

O Sr. Alcalde di que lle fixeron caso e que agora cando teñan algún evento e teñan que mandar alquilar un que sexa máis potente, mirarán por qué non se comprou un máis grande (en ton irónico).

O Sr. Rivas Álvarez di que as cousas ou se fan ben ou non se fan.

O Sr. Alcalde di que xa se estreou o día de Reis e que se agradece que o feliciten.

O Sr. Rivas Alvarez dí que espera que lle recoñezan a el outras cousas que levaban no programa electoral e que el fixo e que non levaba, nin a levaba ningún dos grupos tampouco. Continúa falando doutra factura de 2.909,88 euros, case 3.000 euros, e o 1.477, tamén da mesma empresa Ideart Eo, que pon Diversos traballos gráficos para ARI, supón que para o equipo de rehabilitación do ARI, pregunta se se fixeron planos.

A Sra. Interventora responde que polo que recorda, ese ano tiveron que sinalizar e houbo que facer pancartas enormes.

O Sr. Alcalde aclara que cando se subvencionan obras de rehabilitación hai a obrigar de sinalizar debidamente e hai que editalos, pero di que iso está subvencionado pola Xunta.

O Sr. Rivas Alvarez, continúa falando dunha serie de asentos, no decreto 187 de asistencia técnica e aluguer de micrófonos, pero supón que agora non terán que alugalos, e que todo eso sumaba unha cifra importante de 12.899,20 euros, que se pagaron só de aluguer de estes equipos, di que se compraba un equipo, pero bueno que se comprou un por 3.000, se se gastaran 12.000 máis 3.000 eran 15.000.

O Sr. Alcalde pregunta se eso é todo un ano.

O Sr. Rivas Alvarez di que non sabe se é todo un ano.

O Sr. Alcalde di que será de todo o ano e haberá cousa para as que non vale cun equipo de música por moi grande que sexa, porque para un evento dun concerto ou unha cuestión así dese tipo sempre, eiquí e en calquer outro Concello, ten que alquilar un equipo de son e de iluminación.

O Sr. Rivas Alvarez di que, soamente neste, son 12.000 e pico euros.

Continúa o Sr. Concelleiro no uso da palabra, falando do asento 1.470 onde hai unhos honorarios e gastos de mantemento do sistema de xestión ambiental, a Valora Consultora de Gestión, de 4.012 euros, pregunta se esto vai con cargo a unha subvención ou a gasto do Núcleo de Sostibilidade.

O Sr. Cupeiro Rodríguez contesta que como este ano non entrou dentro do EMAS, entón había unha subvención que sale todos os anos e entón pois efectivamente vai con eso.

O Sr. Rivas Alvarez refírese a continuación ao decreto 189/10 dunha reclamación na Vía Transversal, de luz, di que non sabe cantas van vir, pero que non sabe se vale mais amañalo dunha vez, ou se se pode amañar de forma definitiva, en vez de poñerlle unhas tablas como se puxeron, poñerlle formigón igual era solución porque di que hai outra, que seguro que ata vai ao xulgado, dun veciño de Ribadeo. Repite que se se pode amañar, que non veñan máis reclamacións pois mellor, poñer formigón ou o que sexa pero que non teñan aqueles ferros alí encima.

Tamén o Sr. Concelleiro no uso da palabra refírese a outro pago, o 1.584, que pon Camisetas Ribadeo Porta Norte, diseño logotipo promocional, a Ideart Eo, á mesma empresa 429,20, pregunta cantas camisetas se fixeron xa que pensa que por eses cartos as que se farían, xa que non pon o número.

O Sr. Alcalde di que non recorda moi ben, pero cre que fora unha petición, precisamente, do Colexio Sagrado Corazón, que ían facer un encontro, unha excursión de nenos e pedían que os Concellos a través do Concello, para facer un intercambio e traer unhos agasallos, que pediron unhas camisetas de Ribadeo.

Segue falando o Sr. Rivas Alvarez, dun decreto da Alcaldía para solicitar ofertas para a Redacción do Proxecto da Modificación do Pavillón, di que hai a tres equipos de arquitectos e se non sería mellor, se non se lle plantexou esta posibilidade a ningún de Ribadeo, a algún equipo de arquitectos de Ribadeo.

O Sr. Alcalde responde que dende o Concello xulgaron, segundo a Lei de Contratos das Administracións Públicas...

O Sr. Rivas Alvarez di que sí que se fixeron tres ofertas, pero pregunta se non se lle ofertou a ningún de Ribadeo facelo.

O Sr. Alcalde di que estimaron a especialización neste tipo de infraestructuras que consideraron convinte.

O Sr. Rivas Alvarez menciona un decreto que cre que debe corrixirse que ten un defecto que é importante porque é do 193/10, que é unha Resolución de Alcaldía para Autorización de Transporte Escolar a menores, dentro do centro Gregorio Sanz, onde pon “resolvo 2009/2010 ata 30 de xuño deste último ano”, debe dicir 2010/2011, quere que o vexan e que llo manden ao titular correxido porque seguro que vai facer falta.

O Sr. Alcalde afirma que xa está correxido o que pasa que non se incorporou eiquí, polo que pide desculpas.

O Sr. Rivas Alvarez di que se alegra e continúa falando de un asento, o 1864, unha excursión a Sarria, do núcleo de sostibilidade, de 594 euros, que se pagan a unha empresa de autobuses. Pregunta para que foi esta excursión e quén foi, di se foi xente das Xornadas.

A Sra. Álvarez Lastra, di que foron os nenos do instituto ver a ruta “Fiz Vergara”, a ruta cultural de poetas e escultores que hai guiada, os centros de ensino do Porta da Auga e do Gamallo, os nenos de bacharelato.

O Sr. Rivas Alvarez dí que quere referirse ao decreto 210/10 de reparos das nóminas do Persoal Municipal, di que lle gustaría ver o informe de Intervención que non está eiquí, que ven anexo pero que non viña, o informe de intervención desas nóminas, pregunta se pode pasárselle unha fotocopia, di que será o mesmo de tódolos meses.

O Sr. Alcalde pregunta se é do mes de novembro.

O Sr. Rivas Alvarez respóndelle afirmativamente.

O Sr. Concelleiro continúa falando de unha única factura que lle chama a atención, o 2.018, que pon traballos realizados en pistas de Cedofeita, unha factura de unha empresa de 991,20 euros, pero di que non hai ningunha outra parroquia, non sabe se é que en Cedofeita teñen algo máis.

O Sr. Castro Reigosa di que a factura pon concretamente das parroquias de Cedofeita e Remourelle, que foron en camiños do monte, dende que houbo que meter recheo de escombros, explica que máis que zahorra, porque “collía unha vaca dentro dos furados”.

Continúa o Sr. Rivas Alvarez falando de unhas facturas que presenta a empresa Aquagest sobre o decreto 213/10, os asentos 2.040 e 2.041, dúas facturas, unha por importe de 3.235,17 euros onde cobra o canon de

saneamento da Xunta de Galicia, do CEIP Gregorio Sanz e o outro o canon de saneamento da Xunta de Galicia, do campo de fútbol de 1.180 euros.

O Sr. Alcalde explica que é unha batalla legal que se intentou algunha vez resolver pero que o Concello ten que pagar o canon de saneamento do colexio público e do campo de fútbol.

A Sra. Interventora aclara que polo consumo de auga a Xunta cobra un tanto do total, o que pasa que neses centros o Concello non paga a auga porque é o dono da auga, pero estímase en función do padrón, segundo do total de litros que se consumen cada bimestre, elimínanse os abonados que sí que pagan e, dos que quedan, aplícase o canon que ten que pagar o Concello á Xunta, entón como Aquagest non pode facer ao Concello unha factura porque sería do concesionario hacia o propietario e non pode facturar a auga, factura o canon que despois lle vai esixir a Xunta. Engade que a auga ten a súa complicación.

O Sr. Rivas Alvarez di se se cobra o canon e o Concello ten que pagar el.

A Sra. Interventora aclara que como non se paga auga non forma parte do padrón da auga, non se paga co padrón de auga porque o Concello é o dono, é dicir, que o Concello é o dono da auga, entón págase un canon aparte, que despois é para a Xunta.

O Sr. Rivas Alvarez di que parece un contrasentido porque como fonte pública, por exemplo, porque se gasta auga, non hai porque pagar saneamento.

O Sr. Alcalde matiza que non é unha fonte pública, que é o colexio e o campo de fútbol.

O Sr. Rivas Alvarez continúa falando dun traballo de Gráficas Ribadeo, de folletos, paneis e rutas de sendeirismo de Rede Natura, que coincide con outro, con o 2.098, este en concreto é de 2.150 euros e o outro é de 998 euros, total 3.000 e pico euros, e ven en dous asentos distintos 2.048 e 2.098.

O Sr. Alcalde di que se non se equivoca debe ser da Reserva da Biosfera, das rutas, desta subvención que concedeu a Xunta de Galicia.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, di que tamén corresponden aos paneis, aqueles que están deteriorados da Casa da Ría, que os están cambiando.

**2011/03/03.- ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVICIO PÚBLICO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DO APARCAMENTO (ZONA AZUL-ZONA ORA).**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 13 de xaneiro de 2011, que se transcribe de seguido:

“Obra no expediente Proposta da Alcaldía de desestimación da alegación formulada que se transcribe de seguido:

“Pola Alcadia Presidencia vistas as alegacións formuladas aos acordos de aprobación inicial da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por estacionamento de vehículos en zona de aparcamento limitado (zona azul-zona hora) e a Ordenanza reguladora do servizo de zona azul/zona hora por parte da Asociación A Atalaia, considerando que as alegacións formuladas non deben ser tidas en consideración diante da necesidade de proceder á regulación do espacio público de aparcamento para facilitar a vida comercial coa subseguinte rotación dun espacio escaso, e que tal como se ten sinalado pola Alcaldía na aprobación inicial das referidas ordenanzas, o sistema de disco gratuito ten esgotados os seus efectos,

**PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:**

1º.- A desestimación na súa integridade das alegacións formuladas pola Asociación A Atalaia.

2º.- Elevar a definitivo o acordo inicial nos propios termos do mesmo procedendo á publicación do texto integro das ordenanzas do xeito regulamentario”.

Obra igualmente Informe de Secretaría.

Iniciase deliberación na que intervén o Sr. López Pérez, do grupo municipal socialista, que manifesta que van seguir votando a favor da ordenanza do mesmo xeito que na sesión en que se aprobou inicialmente. O sr. Concelleiro manifesta igualmente que cre que debe recollese unha pequena modificación no horario considerando que debe ser de 9 a 14 horas e de 16 a 20 horas, en vez de de 16 a 21 horas, e que o sábado pola tarde debe ser gratuito a partir das 14 horas, como é noutros lugares.

Entáblase deliberación na que o Sr. Alcalde manifesta que Ribadeo ten unha problemática particular o sábado pola tarde, pola apertura comercial e que non se resolvería o problema manifestando nembargantes que está de acordo en que sexa de 16 a 20 horas, pero que debe manterse os sábados. Delibérase

intervindo varios concelleiros respecto ao horario concreto. A sra. Sanjurjo Santar, do grupo municipal popular, e o sr. Rivas Álvarez do grupo de UPRI manifestan que están de acordo coa alegación e que, polo tanto, o seu voto vai ser en contra da aprobación definitiva da ordenanza.

Delibérase sobre a posibilidade de modificación do horario sinalándose por Secretaría que, se non se trata dunha modificación sustancial da ordenanza non sería precisa unha nova exposición pública e que será o dictame da Comisión o que faga a proposta neste sentido diante do Pleno municipal.

Prosegue a deliberación sobre o horario chegándose ao criterio de que a ordenanza recolla na súa redacción definitiva o horario seguinte:

- Luns a Venres: de 9.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas.
- Sábados: de 10.00 a 14.00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.
- Domingos e festivos: Libres e non se aplicará a ordenanza.

De seguido, pásase á votación e por 4 votos a favor (dos membros dos grupos municipais de BNG e PSOE) e 3 en contra (dos membros dos grupos municipais de PP e UPRI) acórdase:

1º.- A desestimación na súa integridade da alegación formulada pola Asociación A Atalaia por considerar de conformidade coa proposta da Alcaldía que as alegacións formuladas non deben ser tidas en consideración diante da necesidade de proceder á regulación do espazo público de aparcamento para facilitar a vida comercial coa subseguinte rotación dun espazo escaso, e que tal como se ten sinalado pola Alcaldía na aprobación inicial das referidas ordenanzas, o sistema de disco gratuito ten esgotados os seus efectos.

2º.- A aprobación definitiva do texto da ordenanza co horario que se ten informado na Comisión Informativa correspondente de 13 de xaneiro de 2011, e a publicación do texto íntegro da ordenanza do xeito legalmente procedente.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”



Inicia o turno de intervencións o Sr. Rivas Álvarez, de UPRI, dicindo que xa manifestaron o outro día que ían aceptar esta alegación e que ían votar en contra da ordenanza, sendo coherentes coa súa postura do pleno pasado, onde se propuxo a aprobación inicial, e por tanto di que a súa postura é clara con este asunto, igual que con outros deste pleno.

O Sr. López Pérez, do PSOE, di que o seu grupo na correspondente Comisión xa explicou que unha vez que leron as alegacións da asociación A Atalaia chegaron á conclusión de que o que se plantexaba, como xa dixo, non era cuestión de legalidade ou ilegalidade da ordenanza, se non de discrecionalidade, ou sexa de distintos puntos de vista de ver as cuestións, di que eles seguen mantendo o seu voto favorable e parécelles, como tamén manifestaron, que se debería corrixir o horario, xa que crían excesivo o horario ata as 21 horas, e efectivamente o horario vai quedar ata as 20 horas e sen mais van votar a favor da ordenanza, tal como quedou plantexada na Comisión.

O Sr. Rodríguez Andina, do PP, manifesta que o seu grupo no momento da aprobación inicial fixo unha exposición do seu punto de vista e da súa oposición a esta ordenanza e a estes cobros, e ven con satisfacción que unha parte importante desa alegación coincide coa súa postura, por tanto se coinciden nos razoamentos como plantexou na alegación lóxicamente tenen que apoiar a alegación, e por tanto teñen que seguir rexeitando esta ordenanza da mesma forma que a rexeitaron na aprobación inicial.

De seguido polo Pleno Municipal, en votación ordinaria, por sete votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG e do PSOE) e seis en contra (dos membros dos Grupos municipais do PP e de UPRI), acórdase:

1º.- A desestimación na súa integridade da alegación formulada pola Asociación A Atalaia por considerar de conformidade coa proposta da Alcaldía que as alegacións formuladas non deben ser tidas en consideración diante da necesidade de proceder á regulación do espazo público de aparcamento para facilitar a vida comercial coa subseguinte rotación dun espazo escaso, e que tal como se ten sinalado pola Alcaldía na aprobación inicial das referidas ordenanzas, o sistema de disco gratuito ten esgotados os seus efectos.

2º.- A aprobación definitiva do texto da ordenanza co horario que se ten informado na Comisión Informativa correspondente de 13 de xaneiro de 2011, e a publicación do texto íntegro da ordenanza do xeito legalmente procedente.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

## **2011/04/04.-ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS EN ZONA DE APARCAMENTO LIMITADO (ZONA ORA).**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 13 de xaneiro de 2011, que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía Presidencia vistas as alegacións formuladas aos acordos de aprobación inicial da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por estacionamento de vehículos en zona de aparcamento limitado (zona azul-zona hora) e a Ordenanza reguladora do servizo de zona azul/zona hora por parte da Asociación A Atalaia, considerando que as alegacións formuladas non deben ser tidas en consideración diante da necesidade de proceder á regulación do espazo público de aparcamento para facilitar a vida comercial coa subseguinte rotación dun espazo escaso, e que tal como se ten sinalado pola Alcaldía na aprobación inicial das referidas ordenanzas, o sistema de disco gratuito ten esgotados os seus efectos,

### **PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:**

1º.- A desestimación na súa integridade das alegacións formuladas pola Asociación A Atalaia.

2º.- Elevar a definitivo o acordo inicial nos propios termos do mesmo procedendo á publicación do texto integro das ordenanzas do xeito regulamentario”.

Obra igualmente Informe de Secretaría.

Os membros presentes na Comisión dos diferentes grupos municipais manifestan que se remiten ao xa sinalado na Comisión de Asuntos e Servizos Xerais respecto á ordenanza reguladora do servizo , e que efectúan a mesma votación que na referida Comisión, coa mesma motivación

De seguido, pásase á votación e por 4 votos a favor (dos membros dos grupos municipais de BNG e PSOE) e 3 en contra (dos membros dos grupos municipais de PP e UPRI) acórdase:

1º.- A desestimación na súa integridade da alegación formulada pola Asociación A Atalaia por considerar de conformidade coa proposta da Alcaldía que as alegacións formuladas non deben ser tidas en consideración diante da

necesidade de proceder á regulación do espazo público de aparcamento para facilitar a vida comercial coa subseguinte rotación dun espazo escaso, e que tal como se ten sinalado pola Alcaldía na aprobación inicial das referidas ordenanzas, o sistema de disco gratuito ten esgotados os seus efectos.

2º.- A aprobación definitiva do texto da ordenanza fiscal e a publicación do texto íntegro da mesma do xeito legalmente procedente.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Sen promoverse deliberación por terse efectuado no punto anterior, de seguido polo Pleno Municipal, en votación ordinaria, por sete votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG e do PSOE) e seis en contra (dos membros dos Grupos municipais do PP e de UPRI), acórdase

1º.- A desestimación na súa integridade da alegación formulada pola Asociación A Atalaia por considerar de conformidade coa proposta da Alcaldía que as alegacións formuladas non deben ser tidas en consideración diante da necesidade de proceder á regulación do espazo público de aparcamento para facilitar a vida comercial coa subseguinte rotación dun espazo escaso, e que tal como se ten sinalado pola Alcaldía na aprobación inicial das referidas ordenanzas, o sistema de disco gratuito ten esgotados os seus efectos.

2º.- A aprobación definitiva do texto da ordenanza fiscal e a publicación do texto íntegro da mesma do xeito legalmente procedente.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

### **2011/05/05.APROBACIÓN INICIAL DE REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE RIBADEO.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 13 de xaneiro de 2011, que se transcribe de seguido:

“Iníciase deliberación explicando o sr. Alcalde que pediu a Secretaría que se redactase unha proposta de regulamento e que se elaborou tendo en consideración diversos regulamentos de participación doutros Concellos e que nunha xuntaza que tivo con colectivos veciñais lles facilitou o proxecto para que formulasen suxerencias ou aportacións e presentaron un texto modificado.

Despois, pasou ese texto modificado de novo a Secretaría para que se informase e, co resultado que consta no expediente e que suscribe o informado por Secretaría, polo menos para empezar a tramitación e que fai polo tanto esa proposta de regulamento coa estimación que se propón por Secretaría respecto ao Artigo 11.

Intervén o sr. López Pérez que manifesta que o grupo socialista está de acordo coa proposta e que xa o PSOE fixo unha proposta de regulamento de participación nos anos 80 que non sabe se se aprobou pero que quere facer mención respecto a este regulamento que se fixo a casa ao revés e que antes de darllo ás Asociacións se debeu falar na Comisión Informativa e que na exposición pública que aleguen o que consideren.

Manifesta igualmente que non suscribe o seu grupo ningunha das enmendas da Asociación O Tesón , que estiveron somentes seis asociacións e reitera que lles parece máis lóxico que se tivera feito ao revés e que esa asociación vai ter que presentarse ás eleccións.

Delibérase entre o sr. Alcalde e o sr. López Pérez respecto a se as alegacións son da Asociación O Tesón ou de varias asociacións e o sr. López Pérez fai referencia a que hai moitas outras asociacións no Concello.

Os representantes dos grupos municipais de PP e UPRI manifestan o seu criterio favorable á aprobación do regulamento conforme a proposta que se somete.

De seguido, pola Comisión Informativa, por unanimidade de tódolos seus membros, en votación ordinaria, acórdase propoñer como dictame, ao Pleno municipal, que deberá ser adoptado por maioría absoluta legal a aprobación dos acordos seguintes:

1º.- A aprobación inicial do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Ribadeo conforme a proposta elaborada polos servicios municipais que consta dunha exposición de motivos, 10 títulos, 52 artigos, unha disposición adicional, unha transitoria, unha derogatoria e unha final, aceptándose a modificación do Artigo 11 segundo a proposta formulada pola reunión de asociacións de 10 de setembro de 2010.

2º.- A exposición ao público a efectos de formulación de reclamacións e suxerencias de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de Bases do Réxime Local.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Iniciábase deliberación, explicándose polo Sr.Alcalde que se trata dunha aprobación inicial, que haberá exposición pública e poderá haber alegacións nun sentido ou noutro e resolverase.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular dí que quere facer unha aclaración, na páxina 11 na función do Consello Económico Social no apartado d), artigo 25, que ao final é mellor que poña no municipio de Ribadeo, en lugar de no municipio de Santiago. Prosegue dicindo que eles tamén len os papeles entón que os len con tempo.

O Sr Alcalde explica que tomaron referencia de varios Concellos para facer a proposta.

De seguido polo Pleno Municipal, en votación ordinaria, por unanimidade, reunión maioría absoluta legal, acórdase:

1º.- A aprobación inicial do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Ribadeo conforme a proposta elaborada polos servicios municipais que consta dunha exposición de motivos, 10 títulos, 52 artigos, unha disposición adicional, unha transitoria, unha derogatoria e unha final, aceptándose a modificación do Artigo 11 segundo a proposta formulada pola reunión de asociacións de 10 de setembro de 2010.

2º.- A exposición ao público a efectos de formulación de reclamacións e suxerencias de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de Bases do Réxime Local.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

**2011/06/06. APROBACIÓN DE PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO E REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E DANZA DE RIBADEO.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 13 de xaneiro de 2011, que se transcribe de seguido:

“Obra no expediente unha proposta de proxecto educativo que inclúe un regulamento de Réxime Interno, así como o informe de Secretaría sobre a tramitación procedente, elaborada pola Escola Municipal.

O Sr. Alcalde manifesta que existiu tamén unha recomendación cando se fixo o expediente disciplinario dos servizos municipais e pediu a Escola que elaborase este documento.

O Sr. Rivas Álvarez, do grupo municipal de UPRI, manifesta o seu criterio favorable, xa que foi o seu grupo o que fixo a petición diante do pleno municipal e que lles parece un documento de traballo e que o seu grupo se reserva para o pleno pero lles parece ben que o asunto se traia a sesión plenaria.

Por parte do Sr. Rivas Álvarez fórmulanse á Alcaldía dúas preguntas, de si se deu participación aos pais e se non había anteriormente un regulamento, contestando o Sr. Alcalde que ó non atoparse presente a Sra. concelleira de Cultura non o sabe e o Sr. Rivas Álvarez di que cre que había un regulamento.

Por parte do Sr. López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, pregúntase sobre a mención que se fai no regulamento ao galego como lingua oficial da Escola de Música e di se non habería que respectar o que di a Constitución e se pode formularse unha proposta ou unha enmenda para que así conste.

O Sr. Alcalde contesta que existe aprobada unha ordenanza do uso do galego e fai mención a diversas normas en relación a este idioma, así como que ningunha destas normas pode ir contra outra superior.

O Sr. López Pérez manifesta que a Constitución recolle a cooficialidade da lingua oficial do Estado e autonómica.

De seguido, pola sra. Sanjurjo Santar pregúntase que pasou coa plaza do director da Escola de Música e Banda, explicándose polo sr. Alcalde a situación da praza.

Unha vez rematada a deliberación antecedente, os representantes dos grupos municipais de PP, PSOE e UPRI, manifestan que se reservan para o pleno.

Pasada a votación o asunto, por 2 votos a favor (dos membros do grupo municipal do BNG) e 5 abstencións (dos membros dos grupos municipais de PP, PSOE e UPRI) como dictame da Comisión propónse ao pleno municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º.- A aprobación inicial do Proxecto Educativo de centro da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo que inclúe un Regulamento de Réxime Interno composto por 4 títulos.

2º.- A exposición ao público a efectos de formulación de reclamacións e suxerencias de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de Bases do Réxime Local.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Empeza o turno de intervencións o Sr. Rivas Álvarez, que di que quere reiterar a súa pregunta do outro día aproveitando que se atopa a Sra. Concelleira de Cultura, respecto de se se deu participación aos pais para elaboración do proxecto educativo ou se se lles vai dar agora, xa que se vai aprobar inicialmente.

O Sr Alcalde explica que a exposición pública era para todo o mundo, para todos os cidadáns, os pais e non pais.

O Sr. Rivas Alvarez di que quere felicitar pola idea que eles trouxeron eiquí e era que se elaborara un proxecto educativo de centro para a Escola Municipal de Música. Prosigue dicindo que ninguén ten orixinalidade en todos os documentos e está bastante en sintonía coa Escola Municipal de Música da Coruña, onde practicamente o que se fixo foi unha tradución en algúns casos en concreto, entón polo menos é un documento para traballar e un documento que vai ter a Escola Municipal de Música tan importante, que non debería funcionar sen el. En canto ao regulamento do Réxime Interno propoñería, aínda que como xa vai haber exposición, di que como todos saben xa hai un borrador

da Lei de Convivencia e Participación Educativa da Xunta de Galicia que se aprobará no Parlamento e cre que antes de 15 días, ou en 15 días aproximadamente, vai a modificar en concreto o Real Decreto 732/95 referente aos dereitos e deberes dos alumnos, entón non sabe se cando se aprobe esto vai a estar derogado o que se está aprobando no día de hoxe pero que, en todo caso, como en Galicia non hai ningún outro decreto de rango superior, ningún Real Decreto, que desenvolva o Real Decreto Estatal, pero avisa que é o que hai porque ao mellor, dentro de 15 días, van ter un documento que aprobaron e van ter que volver modificar.

Di asimesmo o Sr.Rivas Alvarez que, en todo caso, onde pon 3.1.4 de Regulamento de Réxime Interno, faltas ou sancións do profesorado, supón que estará tamén no disposto no Real Decreto, porque non teñen a condición de funcionarios os traballadores da Escola de Música. Sinala que soamente dicir que lle parece moi ben que se traia este Proxecto Educativo de Centro, que repite que é bastante similar ao de A Coruña. Di que hai unha cousa que distingue ao de A Coruña que é precisamente o idioma que dicía o portavoz do PSOE.

Continúa manifestando o Sr. Rivas Álvarez que se molestou en sacalo porque tamén a el lle chamou a atención que, con respecto ao idioma, o de A Coruña di que neste apartado será de aplicación o artigo 9, do Decreto 247 de 14 de setembro, convivirán no centro as dúas linguas oficiais, galego e castelán, buscando como obxectivo que os alumnos da Escola Municipal de Música de A Coruña, neste caso, se poidan expresar en ambas. Di que no caso de Ribadeo se optou pola do galego e cre que debería permitirse tamén que os rapaces puidesen expresarse en castelán, que non houbera ningún problema.

O Sr .Alcalde explica que sí, que sempre permite, que non sabe onde viu que non se permitise.

O Sr. Rivas Álvarez repite que pon que a lingua oficial será o galego.

O Sr.Alcalde di que eso é igual que a lingua oficial das actas do Concello, e da documentación administrativa que por defecto é o galego, e se alguén quere que expresamente se lle indique en castelán así se fai.

O Sr. Rivas Alvarez di que espera que se respecte a normativa con respecto á utilización da lingua.

Continúa falando o Sr. López Pérez, do PSOE, que expresa que van votar a favor deste Regulamento, que é unha aprobación inicial, espera que haxa unha participación masiva de pais, alumnos etc. porque todo o mundo pode colaborar, alegar, que sexa o mellor posible para todos, para evitar episodios desagradables que xurdiron en torno á Escola de Música, que posiblemente se se tivera un regulamento se tivera solucionado pero que nunca é tarde.



Explica, o Sr.López Pérez, por alusión ao que dicía o portavoz da UPRI da lingua oficial, que efectivamente eles fixeron unha observación pero el leu a ordenanza do 15 de marzo de 2004 e, efectivamente, como di o Sr.Alcalde recolle a cooficialidade dos dous idiomas, o galego e o castelán en todos os ámbitos da administración local.

O Sr. Alcalde agradece esa matización.

O Sr. Rodríguez Andina, do grupo do PP, anuncia que o seu grupo, en principio, vai votar a favor da aprobación inicial, e coinciden co portavoz do PSOE en que esperan que ao longo da exposición pública, como documento vivo, teña aportacións de todos os colectivos e de todas as persoas que teñen algo que ver coa Escola de Música ou non, así simplemente porque teña algún tipo de preocupación respecto deste centro educativo.

O Sr.Rodríguez Andina, continúa a súa intervención dicindo que, aínda que non teña nada que ver con esta votación, como na acta da Comisión dise que a súa compañeira Sra. Sanjurjo Santar fixo unha pregunta e o Sr. Alcalde llo explicou, rogarían que, como xa preguntaron tantas veces, que a ver se fan un monográfico, aínda que sexa interno, para que polo menos o seu grupo se entere exactamente cómo está a situación da Escola de Música. Admite que de verdade que terían moito interés en saber exactamente en qué sitio están porque por mais que lle lo explican deben ser moi torpes que non dan sabido se xa se acabou todo, se están a medio acabar, se están nas tres cuartas partes, se xa gañou o partido, empatou o partido ou como vai o asunto, polo que sería bo, e cre que a todos lles interesaría clarificar esto, en pleno ou nunha Comisión informativa ou nunha Xunta de Portavoces, que tampouco ten porqué ser en Pleno, para determinadas cuestións, pero sí sería bo que todos o tiveran claro, cren eles.

O Sr. Alcalde di que cando queiran que lles pode explicar, pero de todas maneiras di que a día de hoxe a Escola funciona con total normalidade, que o proceso disciplinario grave rematou nun despido pechado, a nivel xudicial pechado tamén, que é unha praza vacante que non está cuberta polo tanto, e que de momento está adscrito o profesor a esa dirección, e eso é o que pode dar lugar a unha certa interinidade pero que non se resinte para nada o funcionamento da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo.

O Sr.Alcalde dirixíndose ao Sr.Rodríguez Andina, lle pregunta se é iso ao que se quere referir pero que sí que deu moito traballo o expediente disciplinario, moitos folios, 1.500 folios, unha situación nova e diferente tanto para o goberno municipal como da fé, que para os funcionarios do Concello, que tiveron que instruír un expediente moi complexo, dando todas as garantías ao que presuntamente estaba acusado de unha serie de cargos e fíxose no Concello practicamente todo o proceso previo ao xudicial, ao ámbito xurisdiccional e con

todas as garantías e sí que tería para falar un bo pedazo das “argalladas” que se intentaron facer a eles e incluso aos instructores pola outra parte, como a imposibilidade de notificación manifesta, ter que notificar unha serie de elementos ao boletín oficial por incomparecencia, unha serie de situacións realmente escandalosas, pero despois de moito traballo e moitos problemas saíu a diante a verdade e a xustiza.

A Sra. Álvarez Lastra, Concelleira Delegada de Cultura, dí que quere manifestar, pola parte que lle corresponde como responsable política da Escola, que a Escola nunca estivo sen proxecto educativo, todos os cursos Escolares, polo menos dende que ela é Concelleira a Escola tivo proxecto educativo, o que non se fixo foi traelo a pleno, pero dada a situación do que ocorreu na Escola, pois os servizos xurídicos consideraron que era mellor traelo e dende logo o Regulamento que está a día de hoxe enriba da mesa foi un regulamento que no curso 2007/2008 se enviou a todas as familias e a todos os pais e que tiñan coñecemento, pode haber algunha matización que agora se modificara, pero que é o mesmo que había.

Reitera a Sra. Álvarez Lastra que se antes non se trouxo a pleno, e agora todo o mundo pode alegar e está a cousa máis formalizada posto que a Escola municipal depende do Concello, entón así se considera que debe ser. O proxecto educativo, a nivel de claustro e a nivel de profesores cada curso Escolar se fai un e, dende logo, o Regulamento interno da Escola está aprobado dende o día 6 de outubro, porque a estas alturas do curso evidentemente os profesores tenen que traballar e hai que ter un libro guía dos centros educativos e como todas as persoas que están eiquí. Unha cousa é que ao estar ligado ao Concello se considere que se debe de traer e que se debe de ter ahí, expoñer públicamente e que aparte dos pais da Escola aleguen todas aquelas persoas.

Por outra banda, continúa falando a Sra. Álvarez Lastra, nin copia nin non copia da Escola Municipal de Música e Danza de A Coruña, o proxecto educativo está fundamentado na base da lexislación que existe para todas as Escolas de Música de Galicia, entón evidentemente hai unha normativa e hai unha lexislación que hai que acatar, coas peculiaridades propias despois da de Ribadeo, de actividades, de asignaturas ou de materias que cada unha, no seu proxecto, é o que se pon en concreto.

Asimesmo sinala a Sra. Concelleira que quere dicir que, aténdose a lexislación, é igual a de A Coruña que a de Boiro que a de Honolulu, igual que nos centros educativos nos que está traballando a maior parte da xente, ou sexa que nin copia nin non copia, quere dicir que é a lexislación pura e dura do que hai, e efectivamente, un decreto que non está aprobado, unha lexislación que non está aprobada, hai que acatar a que se ten a día de hoxe, e logo haberá que introducir as modificacións e os cambios de cara a este curso e de cara ao curso que ven, segundo veñen dadas as normas, pero agora mesmo está

axustada á legalidade e á normativa existente. Di que despois se exporá públicamente e farase o procedente.

Sinala asimesmo a Sra. Concelleira que, respecto ao tema do galego, que son cooficiales as dúas linguas e dende logo hai profesores que imparten as súas clases en castelán, profesores que imparten as súas clases en galego e o máximo respecto para unhos e para outros, igual que os alumnos e os pais que van alí saben que se os seus fillos falan en galego se dirixen en galego e outros en castelán, o que sí os documentos oficiais que saen do centro, segundo o decreto que hai no Concello e a normativa, saen en galego.

O Sr. Rivas Álvarez, de UPRI, dí que quere facer unha matización á Sra. Concelleira, e dille que ela sabe que o proxecto educativo do centro é un documento que é un ideario do Centro, e que non se aproba tódolos anos, é un documento que permanece e se pode modificar, pero non é un documento que se aprobe todos os anos, sí se aproba a programación xeral anual ou proxecto curricular, que son temas diferentes. Continúa dicindo que, con respecto ao de copia ou non copia, podería dicir que na páxina 10, en concreto, os obxectivos de goberno institucional, que supón que nesa lei que pon neste caso o Concello de A Coruña son catro, e se vai á tradución, son os mesmos, ou sexa que non solo se non que poden ter máis parágrafos que son iguais, e que non son lexislación, unha cousa é o proxecto educativo de centro.

A Sra. Álvarez Lastra di que as Escolas teñen un Regulamento e unhos obxectivos básicos que deben cumprir, que están lexislados e recollidos e logo cada centro escolle os que considere oportunos e os pon, que son básicos. Di que de todas maneiras, aínda en Ribadeo ou en calquera sitio non se van inventar nada da manga, porque as Escolas de música teñen un funcionamento, as asignaturas son as asignaturas e claro que o proxecto educativo se modifica, porque depende das asignaturas, pon como exemplo que o ano pasado non tiñan dúas sesións de linguaxe musical e este ano sí, polo tanto o proxecto educativo do ano pasado non valía para este curso Escolar porque hai unha matización e hai que adaptalo, depende do ideario da Escola, entón claro que hai que revisalo tódolos anos e introducir as modificacións e levalo ao claustro e aprobalo.

O Sr. Alcalde considera que este punto está suficientemente debatido..

De seguido polo Pleno, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

- 1º.- A aprobación inicial do Proxecto Educativo de centro da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo que inclúe un Regulamento de Réxime Interno composto por 4 títulos.
- 2º.- A exposición ao público a efectos de formulación de reclamacións e suxerencias de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de Bases do Réxime Local.
- 3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados

**2011/07/07.PETICIÓN DE ENTREGA DE PARCELA “SEMILLEIRO” Á ASOCIACIÓN XUNTA VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DE STA.CRUZ E CAPELA EN OVE (RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA).**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 13 de xaneiro de 2011, que se transcribe de seguido:

“Obra no expediente proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:  
**“PROPOSTA DA ALCALDIA SOBRE RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA DE COMUNIDADE DE MONTES DE OVE SOBRE FINCA O SEMILLEIRO DE OVE**

Pola Alcaldía-Presidencia a tenor do escrito presentado por D.Gonzalo García Marcos, actuando en nome e representación da Asociación Xunta Veciñal de Montes en Man Común Santa Cruz e A Capela, de Ove, con data 27 de setembro de 2010, no que formula unha reclamación administrativa previa á vía xudicial solicitando en síntese a entrega da parcela “Semilleiro” á Asociación que preside.

Visto o informe de Secretaría de data 4 de novembro de 2010.

Visto que polo interesado con data 23 de decembro de 2010 aportouse certificación do acordo da Xunta Rectora de 14 de febreiro de 2010.

Visto o disposto no Artigo 5º da Lei de Montes Veciñais en Man Común de Galicia (Ley 13/1989, de 10 de outubro)

Considerando que a cesión pode ser unicamente por tempo indefinido a favor de unha Administración Pública cando sexa destinada a equipamentos en favor da propia comunidade e en tanto se manteña o fin para o que foi feita a cesión.

Considerando que a cesión efectuada ao Concello o foi con carácter gratuito e que corresponde a unha parcela de 12.500 m2 enclavada no lugar de Fontes do Lobo, no Monte Veciñal en Man Común de Santa Cruz, pertencente á

parroquia de Ove para ser destinada ao selado e clausura do vertedoiro conforme ao proxecto redactado ao efecto por NORCONTROL para a Consellería de Medio Ambiente.

Considerando que o fin foi parcialmente cumprido xa que se efectuou o selado e clausura do vertedoiro, e non a construción das instalacións deportivas previstas, por parte da Xunta de Galicia que procedeu á entrega da obra sen a construción das referidas instalacións, e que polo tanto a finca non presta servizo público algún ao Concello.

Formulouse a proposta, previo ditame da Comisión Informativa correspondente para a adopción polo Pleno Municipal dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobación da desafectación do ben referido pasando a ser ben patrimonial en vez de ben de servizo público, efectuándose información pública durante un mes a efectos de alegacións e suxerencias.

**Segundo.-** Rematada a desafectación e efectuada a incorporación ao patrimonio da entidade local, xa como ben patrimonial, proceder á reversión da propiedade do ben a favor da Comunidade da Asociación Xunta Veciñal de Montes en Man Común de Santa Cruz e A Capela, de Ove, pasando de novo a ter o carácter de Monte Veciñal en Man Común e pasando a ser regulado pola referida Lei 13/1989 e normativa concordante, e quedando subrogada a tódolos efectos na titularidade que ostentaba a entidade local.

**Terceiro.-** A notificación do acordo que se adopte á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

**Cuarto.-** Facultar á Alcaldía presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados”

Iniciase deliberación intervindo o sr. Alcalde que procede a explicar que se ten formulado unha reclamación administrativa previa e que, a priori, a petición non lle ve problemas e que, na proposta de Alcaldía, van unha serie de consideracións e que o vertedoiro está como está e debe haber unha serie de precaucións explicando así mesmo que as obras..... e non estaban ben e tiveron que pedir axuda para canalizar augas procedentes do vertedoiro á depuradora.

Sínálase polo sr. Alcalde que quen adquira o terreo queda subrogado na posición do Concello e que ninguén diga que se entregou un regalo envenenado; que tamén llo van comunicar á Xunta e que non o necesita o Concello pero que non quere que dentro de 8 ou 12 anos alguén diga que se cedeu alegremente.

O Sr. Rivas Álvarez di que está selado o vertedoiro que lle parece ben que revirta á comunidade de montes e o sr. López Pérez maniféstase igualmente a favor.

Promóvese deliberación sobre a execución da obra na que por parte do sr. Rivas Álvarez do grupo municipal de UPRI, se manifesta que noutros lugares sobre os vertedoiros existen xardíns públicos e que non puideron facerse eiquí as pistas polideportivas inicialmente previstas e toda vez que o sr. Alcalde manifesta que non sabe porqué non se fixeron xa que naquel momento estaba na oposición, explica o sr. Rivas Álvarez que non se fixo pola inestabilidade do terreo e que os técnicos que dirixían a obra explicaron que quedaba un chan ondulado.

Explica o sr. Rivas Álvarez que se a comunidade de montes non cedía terían que facer o selado.

Intervén, a continuación, o sr. Cupeiro Rodríguez, como concelleiro Delegado de Medio Ambiente, que manifesta que se modificou o proxecto e que se verteron 17.000 m<sup>3</sup> de terra e fai mención da lexislación estatal do ano 2001 e a que o vertedoiro ten un prazo de 30 anos e que o control do vertedoiro non é tan fácil e hai compostos que non se degradan rapidamente e que ten un temor e que se deben tomar unha serie de precaucións.

Sinala, así mesmo, que se se cede o terreo cada vez que queira ir alí o Concello terá que pedir permiso e que será a Xunta quen diga se se pode facer e que están de acordo en que revirta esa finca pero que o Concello terá a responsabilidade pero non o dominio da finca.

De seguido, pola Comisión informativa, como dictame ao pleno municipal por 5 votos a favor (dos membros dos grupos municipais de BNG, PSOE e UPRI) e con 2 abstencións (dos membros do grupo municipal popular) propónse a adopción, conforme á proposta de Alcaldía dos acordos seguintes:

**Primeiro.-** Aprobación da desafectación do ben referido pasando a ser ben patrimonial en vez de ben de servizo público, efectuándose información pública durante un mes a efectos de alegacións e suxerencias.

**Segundo.-** Rematada a desafectación e efectuada a incorporación ao patrimonio da entidade local, xa como ben patrimonial, proceder á reversión da propiedade do ben a favor da Comunidade da Asociación Xunta Veciñal de Montes en Man Común de Santa Cruz e A Capela, de Ove, pasando de novo a ter o carácter de Monte Veciñal en Man Común e pasando a ser regulado pola referida Lei 13/1989 e normativa concordante, e quedando subrogada a tódolos efectos na titularidade que ostentaba a entidade local.

**Terceiro.-** A notificación do acordo que se adopte á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

**Cuarto.-** Facultar á Alcaldía presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

O Sr. Alcalde pregunta se eiquí estaban todos de acordo e o Sr. López Pérez respóndelle que non, pero que agora sí.

De seguido polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

**Primeiro.-** Aprobación da desafectación do ben referido pasando a ser ben patrimonial en vez de ben de servizo público, efectuándose información pública durante un mes a efectos de alegacións e suxerencias.

**Segundo.-** Rematada a desafectación e efectuada a incorporación ao patrimonio da entidade local, xa como ben patrimonial, proceder á reversión da propiedade do ben a favor da Comunidade da Asociación Xunta Veciñal de Montes en Man Común de Santa Cruz e A Capela, de Ove, pasando de novo a ter o carácter de Monte Veciñal en Man Común e pasando a ser regulado pola referida Lei 13/1989 e normativa concordante, e quedando subrogada a tódolos efectos na titularidade que ostentaba a entidade local.

**Terceiro.-** A notificación do acordo que se adopte á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

**Cuarto.-** Facultar á Alcaldía presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

## **2011/08/08.-LICENCIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e obras de 13 de xaneiro de 2011 sobre as licenzas epigrafiadas, lendose o mesmo, que se transcribe de seguido:

### **1.-EXPEDIENTE DE LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-**

Dase conta dos expedientes de licenzas de primeira ocupación que se relacionan e que son ditaminados favorablemente, por unanimidade, para a adopción do acordo correspondente polo Pleno Municipal de acordo coa delegación efectuada a favor deste Organo pola Alcaldía-Presidencia:

## **1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON JOSÉ ANTONIO VEIGA CASTRO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN O CARGADOIRO, VILASELAN, RIBADEO.**

Expediente nº 2010/13 tramitado a instancia de don José Antonio Veiga Castro, DNI/NIF 33318953-A para licencia de primeira ocupación de vivenda unifamiliar construída en O Cargadoiro, Vilaselán (Ribadeo) ao abeiro da licencia municipal de obras outorgada o 17.08.2004, expediente número 2004/174.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de xaneiro de 2011.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

## **2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON JACOBO GONZÁLEZ LOREDO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR CONSTRUIDA EN VILAMARIZ, ARANTE.RIBADEO.**

Expediente nº 2010/15 tramitado a instancia de D.Jacobo González Loredo, DNI/NIF 76579983-B para vivenda unifamiliar construída en Vilamariz (Arante) Ribadeo ao abeiro da licencia municipal de obras outorgada con data 23 de maio de 2006, expediente número 2006/111.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de xaneiro de 2011.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar



favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

### **3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA MARIA ESTHER PAZ DIAZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN RECAREY, RIBADEO.**

Expediente nº 2010/16 tramitado a instancia de Dona María Esther Paz Díaz, DNI/NIF 76541665-B para vivenda unifamiliar construída en Recarey (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada con data 9 de xaneiro de 2006, expediente número 2005/198.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de xaneiro de 2011.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

### **4. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO PARA PRIMEIRA OCUPACIÓN DE EDIFICIO PARA TRES SOTOS, PLANTA BAIXA E SEIS ALTAS PARA 30 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA E GARAXES EN VIA TRANSVERSAL, RIBADEO.**

Expediente nº 2010/17 tramitado a instancia de INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, CIF Q6550004C para edificio construído en Via Transversal (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada con data 26 de decembro de 2007, expediente número 2007/138.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 13 de xaneiro de 2011.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

**5. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DO DOMINGO ROIBAS PARDEIRO PARA EDIFICIO DE PLANTAS BAIXA E DUAS ALTAS PARA DUAS VIVENDAS UNIFAMILIARES E UN LOCAL COMERCIAL EN TRINIDAD, 23, RIBADEO.**

Expediente nº 2010/14 tramitado a instancia de D. Domingo Roibás Pardeiro para edificio construído en rua Trinidad, 23 (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada con data 22 de agosto de 2007, expediente número 2010/14.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de xaneiro de 2011.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

De seguido polo Pleno Municipal acórdase en relación a cada un dos expedientes a adopción dos acordos que seguen:

**1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON JOSÉ ANTONIO VEIGA CASTRO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN O CARGADOIRO, VILASELAN, RIBADEO.**

Expediente nº 2010/13 tramitado a instancia de don José Antonio Veiga Castro, DNI/NIF 33318953-A para licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar construída en O Cargadoiro, Vilaselán (Ribadeo) ao abeiro da

licencia municipal de obras outorgada o 17.08.2004, expediente número 2004/174.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de xaneiro de 2011.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado.

## **2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON JACOBO GONZÁLEZ LOREDO PARA VIVENDA UNIFAMILIAR CONSTRUIDA EN VILAMARIZ, ARANTE.RIBADEO.**

Expediente nº 2010/15 tramitado a instancia de D.Jacobo González Loredo, DNI/NIF 76579983-B para vivenda unifamiliar construída en Vilamariz (Arante) Ribadeo ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada con data 23 de maio de 2006, expediente número 2006/111.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de xaneiro de 2011.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado.

### **3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA MARIA ESTHER PAZ DIAZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN RECAREY, RIBADEO.**

Expediente nº 2010/16 tramitado a instancia de Dona María Esther Paz Díaz, DNI/NIF 76541665-B para vivenda unifamiliar construída en Recarey (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada con data 9 de xaneiro de 2006, expediente número 2005/198.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de xaneiro de 2011.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado.

### **4. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO PARA PRIMEIRA OCUPACIÓN DE EDIFICIO PARA TRES SOTOS, PLANTA BAIXA E SEIS ALTAS PARA 30 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA E GARAXES EN VIA TRANSVERSAL, RIBADEO.**

Expediente nº 2010/17 tramitado a instancia de INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, CIF Q6550004C para edificio construído en Via Transversal (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada con data 26 de decembro de 2007, expediente número 2007/138.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 13 de xaneiro de 2011.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado.

#### **5. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DO DOMINGO ROIBAS PARDEIRO PARA EDIFICIO DE PLANTAS BAIXA E DUAS ALTAS PARA DUAS VIVENDAS UNIFAMILIARES E UN LOCAL COMERCIAL EN TRINIDAD, 23, RIBADEO.**

Expediente nº 2010/14 tramitado a instancia de D. Domingo Roibás Pardeiro para edificio construído en rua Trinidad, 23 (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada con data 22 de agosto de 2007, expediente número 2010/14.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de xaneiro de 2011.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado.

**2011/09/09.-APROBACIÓN INICIAL DE CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E A EMPRESA CONIPROMA S.L. NA RÚA PINTOR FIERROS.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 13 de xaneiro de 2011, que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

Pola Alcaldía Presidencia á vista da proposta de convenio urbanístico epigrafiada e de conformidade có disposto nos arts. 233 a 237 da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Visto o sinalado nos informes técnico e xurídicos obrantes no expediente, e de conformidade cos mesmos,

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL a adopción dos acordos seguintes:

1º.- A Aprobación inicial da proposta de convenio que deberá ser obxecto de modificación nos aspectos e elementos sinalados nos informes referidos.

2º.- A exposición ao público do mesmo polo prazo de 20 días de conformidade có art. 237 da lei 9/2002.

Rematado o prazo e á vista das alegacións que poidan producirse, e de conformidade cos informes, de selo caso, elaboraráse unha proposta de texto definitivo do convenio do que se dará vista aos propoñentes para a súa aceptación, reparos ou de selo caso, renuncia. O texto definitivo deberá ser obxecto de ratificación de seguido polo Pleno Municipal con carácter previo á súa sinatura pola Alcaldía Presidencia.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Obran igualmente informes de Secretaría e da Oficina Técnica municipal favorables ao proxecto de convenio pero efectuando diversas consideracións en torno aos mesmos.

Iniciase deliberación explicando en primeiro lugar o Sr.Alcalde-Presidente o contido dos convenios e explicando que foi unha proposta da derradeira Comisión de Urbanismo que se puxeran en marcha pola Alcaldía as negociacións para os mesmos, e fai referencia a que habia outro mais da

mesma zona co Sr.Loureiro, para o ámbito que hoxe ocupa unha nave de reparación de tratores, pero que non foi posible incluílo nesta sesión, ao non terse formulado polo promotor todavía, e que se trata dun acordo inicial e que pola Alcaldía se asumen as consideracións e propostas de mellora de documentación que se informan por Secretaría e polo arquitecto municipal , na propia proposta que se formula polo Alcalde.

Maniféstase tamén polo Sr.Alcalde que serve para que se siga avanzado pero que ata que se aprobe o Plan Xeral non despregarían os seus efectos.

Intervén o Sr.López Pérez do Grupo Municipal Socialista que manifesta que ten dúas cuestións que suscitar, unha delas relativa á seguridade xurídica, porque está supeditada á aprobación definitiva do Plan.

Por Secretaría a petición da Alcaldía se explica a cuestión procedimental da tramitación e que entende que a validez dos convenios se produce cando a Admnsitración obtén mais do que obtería pola propia execución ordinaria do planeamento e que se pode incorporar á documentación do planeamento xustificando que se deriva un interese público da solución proposta, e que o Concello chega ata donde chega a súa competencia que é a aprobación provisional.

O Sr. López Pérez, que manifesta que non ten asistido ás reunións da Comisión de Urbanismo, en representación do seu Grupo, por razóns persoais , pregunta se non haberá un trato de favor a estes promotores e fai referencia a que no Convenio se contén a mención de que se lle estima a súa alegación á exposición pública do Plan e pregunta se ten información privilexiada dos ditames da Comisión Informativa.

Por Secretaría se manifesta que ata donde coñece o Convenio baséase precisamente na estimación da alegación formulada e que nesa zona hai 4 ou 5 expedientes iniciados en relación coas alegacións formuladas para buscar unha solución conforme ao interese público e que o asunto foi tratado na Comisión Informativa de Urbanismo para obter unha gran zona verde nese ámbito.

O Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, explica ao Sr.López Pérez que na Comisión de Urbanismo mandataron ao Sr.Alcalde para levar a cabo a negociación deses convenios.

O Sr.López Pérez reitera que lle chama a atención porque hai mil alegantes en Ribadeo.

O Sr.Alcalde manifesta que a Comisión Informativa de Urbanismo determinou que había determinados casos que había que resolver e o mandadou para facelo.

Por Secretaría se explica que o párrafo referido á estimación da alegación, procede dun borrador de Convenio que foi facilitado por EPTISA.

Reiteranse os termos da deliberación e as respectivas posturas entre o Sr.Alcalde e o Sr.López Pérez.

O Sr.Rodríguez Andina, explica que como non pode haber unha especie de “compravenda de alegacións” figura a cuestión referida á estimación da alegación.

O Sr.Rodríguez Andina explica tamén, fronte á mención do Sr.López Pérez de que había mais de mil alegacións e que o tratamento sería desigual, que houbo cinco, seis ou sete casos en que a Comisión Informativa delegou no Alcalde para a negociación dunhos Convenios.

O Sr.Alcalde resume dicindo que no Convenio se estima parcialmente unha alegación, non como o alegante quería, senon parcialmente, e se establecen unhas condicións e cesións para que se efectúe esa caracterización do solo ou da parcela, e que iso non é información privilexiada.

O Sr.Alcalde prosegue manifestando que falou con todos os que lle mandou a Comisión de Urbanismo e que algúns dín que non, outros que o están pensando e outros que teñen case toda a propiedade pero non toda e que poden aportar un informe xurídico que dín que se pode facer igual.

Toda vez que se fai mención dunha reunión anterior o Sr.Alcalde sinala que xa lles comentou que cría que tiña tres pendentes de aprobación pero que resultaron ser dous, e que a efectos prácticos significa ir avanzando para a aprobación do Plan.

O Sr.rodriuez Andina do Grupo Popular manifesta que o seu Grupo incita ao Sr.Alcalde a que siga para ver si logra a negociacion dos outros convenios restantes.

A Comisión, por unanimidade dos membros presentes, en votación ordinaria a acorda ditaminar favorablemente para a adopción polo Pleno Municipal dos acordos seguintes:

1º.- A Aprobación inicial da proposta de convenio que deberá ser obxecto de modificación nos aspectos e elementos sinalados nos informes referidos.

2º.- A exposición ao público do mesmo polo prazo de 20 días de conformidade có art. 237 da lei 9/2002.

Rematado o prazo e á vista das alegacións que poidan producirse, e de conformidade cos informes, de selo caso, elaboraráse unha proposta de texto definitivo do convenio do que se dará vista aos propoñentes para a súa aceptación, reparos ou de selo caso, renuncia. O texto definitivo deberá ser obxecto de ratificación de seguido polo Pleno Municipal con carácter previo á súa sinatura pola Alcaldía Presidencia.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”



O Sr. Alcalde explica que esto é unha aprobación provisional que conleva unha exposición pública de 20 días hábiles.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, intervén sinalando que quere reiterar, primeiro, a satisfacción de que todos os grupos estean, en temas importantes, absolutamente de acordo, que se estea traballando na boa dirección por parte de todos e seguir incitando ao Alcalde a que, en lugar de dous, se se poden sacar os cinco ou seis que hai moitísimo mellor, porque vai ser moito máis productivo para todo o pobo de Ribadeo.

O Sr. Alcalde di que estas cousas de certa trascendencia, que van trascender aos mandatos e que, se vai adiante todo finalmente pois os seus fillos verán os resultados, así que tamén quería felicitar a todos os grupos, aínda que agora hai alegacións e porque se non se chega a aprobar definitivamente ou polo que sexa será un fracaso colectivo, pero se sae adiante, porque finalmente antes que despois aprobase o Plan Xeral, que incorpora estas cousas, pois será un éxito de todos, do PP, do PSOE, de UPRI e do BNG.

Sinala que esta argumentación vale para o seguinte punto, que cre que o Secretario xa se refería tanto a unha como a outra, as dúas propostas da Avda. de Galicia e Pintor Fierros.

De seguido polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º.- A Aprobación inicial da proposta de convenio que deberá ser obxecto de modificación nos aspectos e elementos sinalados nos informes referidos.

2º.- A exposición ao público do mesmo polo prazo de 20 días de conformidade có art. 237 da lei 9/2002.

Rematado o prazo e á vista das alegacións que poidan producirse, e de conformidade cos informes, de selo caso, elaboraráse unha proposta de texto definitivo do convenio do que se dará vista aos proponentes para a súa aceptación, reparos ou de selo caso, renuncia. O texto definitivo deberá ser obxecto de ratificación de seguido polo Pleno Municipal con carácter previo á súa sinatura pola Alcaldía Presidencia.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

**2011/10/10.- APROBACIÓN INICIAL DE CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E A EMPRESA CONIPROMA S.L. E PROMOCIONES JULIO Y ANSELMO CB NA AVDA.DE GALICIA, ESQUINA RÚA ALFREDO DEAÑO.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 13 de xaneiro de 2011, que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía Presidencia á vista da proposta de convenio urbanístico epigrafiada e de conformidade có disposto nos arts. 233 a 237 da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Visto o sinalado nos informes técnico e xurídicos obrantes no expediente, e de conformidade cos mesmos,

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL a adopción dos acordos seguintes:

1º.- A Aprobación inicial da proposta de convenio que deberá ser obxecto de modificación nos aspectos e elementos sinalados nos informes referidos.

2º.- A exposición ao público do mesmo polo prazo de 20 días de conformidade có art. 237 da lei 9/2002.

Rematado o prazo e á vista das alegacións que poidan producirse, e de conformidade cos informes, de selo caso, elaboraráse unha proposta de texto definitivo do convenio do que se dará vista aos propoñentes para a súa aceptación, reparos ou de selo caso, renuncia. O texto definitivo deberá ser obxecto de ratificación de seguido polo Pleno Municipal con carácter previo á súa sinatura pola Alcaldía Presidencia.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Non se promove deliberación e o Pleno municipal pasa a votación do asunto.

De seguido polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º.- A Aprobación inicial da proposta de convenio que deberá ser obxecto de modificación nos aspectos e elementos sinalados nos informes referidos.

2º.- A exposición ao público do mesmo polo prazo de 20 días de conformidade có art. 237 da lei 9/2002.

Rematado o prazo e á vista das alegacións que poidan producirse, e de conformidade cos informes, de selo caso, elaboraráse unha proposta de texto definitivo do convenio do que se dará vista aos propoñentes para a súa aceptación, reparos ou de selo caso, renuncia. O texto definitivo deberá ser obxecto de ratificación de seguido polo Pleno Municipal con carácter previo á súa sinatura pola Alcaldía Presidencia.

3º.- Facultar á Alcaldía Presidencia para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

### **2011/11/11.- ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA.-**

#### **MOCIÓNS DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DE UNIÓN DO POBO RIBADENSE (UPRI) E DO P.S. DE GALICIA-PSOE SOBRE TRASLADO DE SERVICIOS VETERINARIOS.**

Dase conta polos portavoces dos respectivos Grupos Municipais de dúas Mocións, unha delas presentada por Unión do Pobo Ribadense (UPRI) e outra polo Grupo Municipal Socialista, ambas dúas sobre o traslado dos servizos veterinarios da Xunta de Galicia á Granxa Pedro Murias, entablándose de seguido deliberación sobre a urxencia do tratamento do asunto nesta sesión.

#### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE UPRI DE PERMANENCIA DOS SERVICIOS VETERINARIOS NO CASCO URBANO.**

Preséntase por parte do Grupo Municipal de UPRI ao Pleno da Corporación, a Moción que se transcribe literalmente:

“Antecedentes:

El servicio de Veterinario que viene prestando la Consellería de Medio Rural a los ganaderos en la oficina situada en el casco urbano de la villa, en la planta primera de la Casa del Mar de Ribadeo desde hace más de 20 años (en el casco urbano) tiene ahora la Xunta de Galicia la intención de trasladarla a la Escuela Pedro Murias en Vilaframil. es más parece que el próximo jueves 25 de noviembre se hará dicho traslado.

Teniendo en cuenta que no se ha contado con el personal que trabaja en dicho departamento (veterinaria y administrativo) y lo que nos parece más grave; ni tampoco con la opinión de los ganaderos (en definitiva los verdaderos afectados), se ha decidido sin tiempo de reacción posible.

Que la Escuela Pedro Murias se rige por un patronato y que fue donada para

"Escuela de Capacitación Agraria" y no para "Oficina Veterinaria".

Que los ganaderos tendrán que desplazarse al casco urbano para hacer las fotocopias que se les pidan, para pagar las tasas.... y regresar de vuelta hasta Vilaframil para completar la documentación necesaria para libros, guías....

Que hay personas de las parroquias. que incluso se desplazan en autobús de línea los miércoles para hacer estas gestiones y que no disponen de vehículo propio para ir y volver hasta la Escuela Pedro Murias.

Que este traslado supondrá un desgaste y una mayor pérdida de tiempo para el ganadero, a la vez que perjuicios económicos y molestias innecesarias.

Que en otras localidades como Foz o Vivero se intentó trasladar del casco urbano este servicio y que se rechazó por los Alcaldes y corporaciones respectivas.

Por todo ello,

Solicitamos:

Que por parte del pertinente acuerdo del Pleno de la Corporación:

1º.- Que por parte de la Alcaldía se hagan las gestiones necesarias para evitar el traslado de dicho servicio por los perjuicios que ello ocasionaría a nuestros ganaderos.

2º.-Dirigirse a la Consellería de Medio Rural de la Xunta de Galicia para que dichos servicios veterinarios permanezcan en el casco urbano de la Villa, tal y como venían funcionando hasta la fecha y se desista de la intención de trasladarlos a la Escuela Pedro Murias.”

O Sr. Rivas Álvarez, do grupo de UPRI, explica respecto da Moción do seu Grupo que se trata dunha moción que presentaron o día 23 de novembro e a traen a pleno reiterada, porque de feito xa se trasladou a oficina veterinaria para a Escola Pedro Murias, para solicitar que se manteña no casco urbano, que é o que piden os veciños e que cre que é unha forma de que se manteña eiquí. Di que o propio Sr.Alcalde manifestou a súa disposición e non sabe se vai facer algunha xestión máis.

O Sr. Alcalde di que coas mocións de urxencia sempre están no mesmo debate, se a urxencia é urxencia, e logo éntrase en debate ou non, pero que normalmente se acaba debatindo todo antes de iniciar o debate de se é urxente ou non. Manifesta que o tema de se é urxente non o sabe, porque se é urxente, xa está feito o traslado entón non sabe se agora “Marica non chores”. Di que se queren, que se vote a urxencia e entran no debate directo.

O Sr. López Pérez, do Grupo do PSOE, manifesta que eles teñen outra igual, deste mesmo tema, di que esta é de 17 de xaneiro e a do PSOE é de 25 de novembro.

O Sr. Rivas Álvarez contesta que eles teñen unha presentada o 23 de novembro e que a trae por urxencia a día de hoxe.

O Sr. Alcalde dí que cre que a moción do PSOE xa foi debatida.

O Sr. López Pérez di que non, e que lles estrañou que non viñera a pleno porque é de 25 de novembro.

O Sr. Alcalde admite que foi un erro do que asume a culpa, pero que debeu quedar traspapelada porque non a viron.

O Sr. Rodríguez Andina, do PP, propón que se acepte a urxencia e se saque de diante as Mocións.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr. López Pérez se a Moción do PSOE é igual.

Dase conta ao Pleno Corporativo da existencia dunha Moción do Grupo Municipal Socialista sobre o mesmo asunto, que se transcribe de seguido:

“A Consellería do Medio Rural, a través da Xefatura Territorial de Lugo, ordenoulle aos servizos veterinarios de Ribadeo que se trasladen ao Centro de Formación e Experimentación Agraria Pedro Murias, en Vilaframil, Ribadeo. Sobre este asunto é preciso reparar nos seguintes puntos:

1º.-A citada Xefatura espallou o rumor de que era o Concello de Ribadeo quen, por medio de orde imperativa ordeaba o abandono das instalacións da Casa do Mar onde viñan prestando servizo.

2º.-Segundo información de prensa publicada no día 24 deste mes, o Concello ofrece aos servizos veterinarios instalación no propio edificio municipal.

3º.-Tendo en conta o anterior, parece que a decisión do traslado corresponde á Xefatura Territorial de Medio Rural.

4º.-A dependencia funcional do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal Pedro Murias corresponde á Consellería do Medio Rural, pero de nengun xeito a propiedade dos edificios e instalacións, segundo o convenio asinado no seu día, xa que existe un Patronato da Fundación Escola Agrícola Pedro Murias co seu correspondente órgano de goberno, cuxa vicepresidencia ostenta o Sr. Alcaide de Ribadeo.

5º.-Segundo o referido convenio e mais os Estatutos vixentes as actividades que se poden desenvolver en ditas instalacións son as do ensino e investigación agrarios propios dun centro de ensino, o que exclúe os servizos referidos.

6º.-Debe engadirse a pésima ubicación elixida a pouco que se coñeza a actividade dos referidos servizos veterinarios.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal socialista formula a seguinte

#### PROPOSICIÓN:

"O Pleno da Corporación do Concello de Ribadeo, insta ao Sr.Alcalde a intervir en defensa da legalidade a respecto do uso das instalacións das que é titular o Patronato do que é Vicepresidente, así como reiterar perante a xunta o ofrecimento que- se lle fixo."

O Sr. López Pérez, do Grupo Municipal Socialista resume a Moción e di que é sobre o servizo de veterinaria e di que é unha proposta ao pleno da corporación do pleno de Ribadeo na que se insta ao señor Alcalde a intervir en defensa da legalidade ao respecto do uso das instalacións das que é titular o Patronato da Fundación Pedro Murias, do que é vicepresidente o Sr. Alcalde, así como reiterar diante da Xunta o ofrecemento que lle fixo de habilitar unhas oficinas para este servizo, noutro sitio distinto á granxa Pedro Murias. Expón que o Sr. Alcalde lle fai un ofrecemento público á Xunta de buscarlle unha alternativa, pero que non dixo cal.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo municipal do PSOE, intervén manifestando que no ánimo de toda a Corporación, por crear un pouco o "buen rollito" das mocións dos acordos anteriores, cre que é unha cuestión moi clara en canto ao que representa de servizo aos cidadáns que estea nun sitio céntrico, que non se teñan que desplazar á Granxa Pedro Murias.

Prosegue manifestando o Sr.Pérez Vacas que cre que ao mellor a Xunta tomou esa decisión por falta de información ou do que sexa, e eles cren que, unindo os criterios tanto de UPRI como do PSOE e probablemente tamén do PP, non cre que se opoña o PP a que eso se manteña nun sitio céntrico, aínda que ao mellor está falando demais, porque cre que ir á Granxa Pedro Murias a solicitar este tipo de documentación non é ningún traballo que favoreza a labor, pero se non hai unanimidade haberá que facelo.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, quere manifestar en primeiro lugar por qué en Pedro Murias e non segue eiquí, e responde que porque eiquí estase cunha tramitación de que revirta ao Concello, e desaloxo non, non se poñan tráxicos, pediuse que revirta o edificio da Casa do Mar ao Concello, e por tanto hai que liberar ese espazo.

Dí igualmente o Sr. Rodríguez Andina que é a Granxa-Escola Pedro Murias porque é o único espazo que a Consellería de Medio Rural ten con capacidade suficiente para dar este servizo. Explica que, normalmente, os veciños deste Concello que van ao veterinario e a todas estas cousas, non viven nin na Avenida de Galicia, nin na Avenida de Asturias, nin na rúa Calvo Sotelo, é dicir, que viven normalmente en Vilaframil que lles cae máis perto Pedro Murias, igual na Devesa, igual en Arante ou igual en Vilela, pero en calquera dos casos, os veciños que van a este servizo teñen que desplazarse necesariamente, é dicir, pide que non se inventen “contos chinos”, que non viven no medio da vila, non van andando ao servizo de aí porque viven ao lado, teñen que vir de Remourelle, de Covelas ou de Couxela, e teñen que vir en coche.

Manifesta tamén o Sr. Rodríguez Andina que cre que están inventando un problema absolutamente inexistente, probablemente haxa un problema, pero claro os traballadores que traballan coa Administración eses problemas teñen que asumilos, hai un problema para os traballadores da Administración que resulta que probablemente se estea mellor traballando eiquí que en Pedro Murias, pero en Pedro Murias hai xente da Administración traballando, e tampouco pasa nada. O Sr. Rodríguez Andina dilles aos demais que se queren darlle para diante que lle dean, que non pasa nada, que eles non van poñer pegas, pero que non lles parece que teña ningún sentido.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, di que unha cousa é vir á vila como se ven, facer todas as compras e todo, e outra é ex-profeso ir á granxa Pedro Murias pedir ese papel.

A Sra. Álvarez Lastra di que hai que levar o papel, pagar as taxas e volver a levalo.

O Sr. Alcalde di que o problema é o de levar a facer o ingreso no banco, que se fora por unha cuestión agraria pois moito mellor alí. Di que están debatindo sobre unha decisión que non lles toca a eles tomar, porque tanto nunha moción como noutra se di que por parte de Alcaldía se fagan as xestións, e por eso non hai problema, pero despois quen toma a decisión é quen ten a competencia, e a competencia sobre os veterinarios é da Xunta de Galicia, non do Concello de Ribadeo. Admite que a el ocorreuselle, pero que o Concello non é a Xunta, que a Xunta ten a oficina de Extensión Agraria na Avenida de Galicia, e non sabe se cabe aí, pero que a fin de contas tamén é unha persoa, non sabe que necesita tampouco.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular di que cre que pensar que se houbera un espazo na Avenida de Galicia, na Avenida de Asturias ou rúa Buenos Aires ían ir a Pedro Murias é pensar cousas raras, é dicir, que non

caben en Extensión Agraria, e se non teñen outro espazo teñen que estar na Granxa-Escola Pedro Murias.

O Sr. Alcalde di que sempre con estes temas da Casa do Mar, tanto con este caso que sae agora das veterinarias, como algo que saiu aí atrás de Capitanía Marítima, como de ISM, él sempre procura curarse en saúde e todos os escritos que se fixeron a Capitanía Marítima, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, ao Instituto Social da Marina, ou a Xunta, todos levan dúas mensaxes: unha que ese edificio é municipal, e queren que lle lo deixen porque queren que eso sexa a “ Casa da Música “, que é o que realmente é, pero non queren que iso sirva de excusa para que este servizo se vaia de Ribadeo, como nalgún caso se falaba de levar o ISM, di que iso non é excusa, e para iso dende o Concello ofreceuse, pero claro ofreceuse, pero non con comodidade, con garantía sí, porque non teñen grandes despachos, e hai algún que pode quedar vacante, mesmo no Leader, que se pode dividir para un, para dous ou para tres servizos máis.

Manifesta o Sr.Alcalde que nunca se pensou en deixarllo a ninguén que non tivera nada que ver coa Administración Pública, pero sí que hai unha sede dunha Fundación Comarcal no Concello e non pasa nada, polo tanto se así pode ser, tampouco hai problema, pero non corresponde ao Concello se non a outros, é dicir, que se pode adoptar o acordo que se queira e non vai haber ningún problema, pero que non lles corresponde a eles.

Di o Sr.Alcalde que non quere ser avogado de ninguén, unicamente en positivo para buscar unha saída. Se din que esto está feito, porque está feito de un mes e pico, instar á Xunta a que adopte e busque unha solución en Ribadeo, ofrecendo o Concello como posibilidade pero sen ter que ser exactamente eiquí. Di que non sabe se a Xunta pode falar coa Tesourería da Seguridade Social para nese edificio de Irmáns Moreno Ulloa, tan novo, se non lle queda algo libre por alí, di por se non queren que sexa no Concello. Admite que non sabe se deberían facer algo entre todos en positivo, á Xunta, en vista das decisións que adoptaron, que non a ver moi ben, polo tema das xestións administrativas, que teñen que vir novamente á vila a facer os paisanos.

O Sr. López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, di que eles non teñen inconvinte porque imaxina que o espírito da moción do Sr. Rivas Alvarez é coma a do PSOE, pódese refundir a exposición de motivos a efectos prácticos e redactar a acta e tomar un acordo, unha proposta entre todos de dirixirse á Xunta, ante o ofrecemento do Alcalde de que se lles pode poñer a disposición de Ribadeo ou que busquen outro sitio, que lles parece máis axeitado, unha porque se falaba das taxas e outra porque non sabe se saben que os servizos municipais veterinarios tamén levan o tema dos negocios de hostelería, cunhos carteis, controlalos, que hai que ir alí visalos, sellalos, buscalos, que levan alí.



Prosegue explicando o Sr.López Pérez, que ampliaron os servizos estrictamente, e non só os de veterinaria, e teñen que ir os donos dos bares e da cafeterías á Granxa Pedro Murias porque lles sellan non sabe que documentos que hai que poñer nos servizos e nos libros que teñen nos locais, unha serie de cousas que teñen que solucionar alí. Di que se lles parece que refunden un acordo entre todos.

O Sr. Rivas Alvarez di que como propuxeron esta moción non teñen ningún inconvinte.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, pide que non digan a Xunta, busquen vostedes, senon que digan señores da Xunta hai espazo eiquí que o pleno da corporación municipal de Ribadeo lle ofrece un servizo para que se poña ahí.

O Sr. Alcalde di que non hai ningún problema pero que quere dicir que deixalo aberto, que eles ofrecen un, sen prexuízo de que eles “se busquen a vida”.

O Sr. López Pérez di que as oficinas da rúa Moreno Ulloa son inmensas, que se perde un alí dentro. Di que é distinto organismo.

O Sr. Alcalde pregunta se realmente en Extensión Agraria non hai sitio.

O Sr. Rodríguez Andina contesta que non, que ninguén busca problemas, crearse problemas a un mesmo.

O Sr. Alcalde pregunta ao Secretario sobre o procedemento ,para sair da situación.

O Sr. Secretario di que a cuestión sería ter aprobada a urxencia da Moción, posto que non está na orde do día e se hai acordo sobre a urxencia, posteriormente aprobala.

O Sr. Alcalde propón entrar no debate das dúas, di que van facultar ao Secretario para que colla parte dos argumentarios que eles fixeron, que eran todos de boa fe, intentando buscar unha solución. Explica que a proposta é que todos se dirixan á Xunta para dicirlles que respecto ao servizo de Veterinarios que foi recentemente trasladado a Granxa Pedro Murias, di que non están de acordo con iso e que, sen prexuízo de que a Xunta, que lle piden que reconsidere a súa postura de trasladalo para alí, que pense en trasladalo para a vila e que para iso, sen prexuízo de outra ubicación que a Xunta estime, dentro da vila, onde estime conveniente, o Concello pon a disposición un espazo, por decisión unánime.

O Sr. Secretario di que a parte dispositiva entón do acordo é o que figure como refundido nas dúas mocións, asentindo os membros Corporativos.

O Sr. López Pérez, do PSOE, di que se non ten a súa moción que despois lle fai unha copia.

Polo Pleno Municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase:

1º. A aprobación da urxencia do tratamento das Mocións presentadas polos Grupos municipais de UPRI e do PSOE sobre traslado de servicios veterinarios da Xunta de Galicia.

2º. Que á vista do argumentario das exposicións de motivos de ambas dúas Mocións dos Grupos municipais proponentes e, Considerando que os gandeiros terán que desprazarse ao casco urbano para realizar tramitacións, pagos bancarios, etc. e regresar ata a Escola Pedro Murias para culminar as xestións, e que hai persoas que non dispoñen de vehículo propio.

Considerando que non foi o Concello de Ribadeo quen ordeou o abandono das instalacións da Casa do Mar e que ten ofrecido aos servicios veterinarios instalacións no propio edificio municipal e que a dependencia funcional do Centro de Formación e experimentación Agroforestal Pedro Murias corresponde á Consellería de Medio Rural pero non a propiedade dos edificios e instalacións que son competencia dunha Fundación na que ostenta a Vicepresidencia o titular da Alcaldía de Ribadeo e que as actividades de veterinaria estarían excluídas das que se poden desenvolver segundo os Estatutos do Centro.

A elevación a acordo corporativo do contido de ambas dúas Mocións transcritas anteriormente, que se engaden como anexo a este acordo, considerando esta Corporación que a ubicación dos servicios veterinarios na Escola Pedro Murias en Vilaframil non é a mais axeitada e que o referido Centro se rixe por un Padroado e que foi doada para Escola de capacitación agraria e non para este fin, de oficina dos servicios veterinarios.

3º. Efectuar unha petición á Xunta de Galicia (Consellería de Medio Rural) de que o servicio de Veterinarios da Xunta de Galicia que foi recentemente trasladado a Granxa Pedro Murias, toda vez que o Concello non está de acordo con ese traslado, polo que se lle pide que reconsidere a postura de trasladalo alí e se pense en mantelo no casco urbano da Vila donde estime convinte a Xunta, e ofrecéndose por parte deste Concello un espazo a tal fin.

4º. Facultar á Alcaldía-Presidentencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE REXEITAMENTO DE SUBIDA DE TARIFAS ELÉCTRICAS.**

Dase conta da Moción de urxencia presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, que se transcribe literalmente:

### “EXPOSICION DE MOTIVOS

O inicio do ano 2011 non podía comezar peor para as maltreitas economías dos fogares e das empresas galegas. A nefasta política económica do Presidente Zapatero esmaga aos contribuíntes con subidas dos bens de primeira necesidade como a luz e o gas. nun 10% e un 4% respectivamente.

Desde que governa o Partido Socialista, a luz non parou de subir, así dende o ano 2006 o recibo da luz subiu mais dun 40%, mentres que cando gobernou o Partido Popular entre 1996 e 2004 o recibo da luz baixou un 14,2%, moi por riba da media da UE.

Este nova subida da luz a unha mostra mais do fracaso da política enerxética socialista. Neste sentido compre destacar que un tercio da subida experimentada a principios deste ano 2011 consecuencia da aplicación do Real Decreto que prima o Carbón nacional. que ten un maior custe e menor capacidade calorífica que o importado. que e o que se utiliza nas centrais galegas de As Pontes e Cerceda.

Os galegos e as galegas non se merecen este novo castigo do Goberno de España que se engade a baixada dos salarios, a conxelación das pensións, a subida de impostos, ao incremento do prezo da gasolina e do gasóleo e a supresión dos incentivos fiscais a compra de vivenda, do cheque *bebe* e da axuda de 426 euros Os desempregados de longa duración.

O Partido Popular valora esta subida come grave prexuízo a capacidade adquisitiva de fogares, Autónomos, empresas e PEMES, por iso consideramos que é necesario un gran pacto en política enerxética que aporte estabilidade a un dos factores de competitividade mais importantes para a nosa economía, corno e a do custe da enerxía.

Polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de Ribadeo a adopción dos seguintes ACORDOS:

O Pleno do Concello de Ribadeo

-Manifesta o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo aoberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.

- Instar ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto prexudica aos intereses de Galicia

- Instar ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e. por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.”

Iníciase deliberación despois de que o Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular dixera que quere levar o asunto da moción do Partido Popular por orde, primeiro a urxencia e despois se hai urxencia débátese e se non, pois non. Di que a urxencia é porque é a subida do recibo da luz do primeiro trimestre, e se non vai agora xa pasou o primeiro trimestre, xa que o seguinte pleno é a mediados de marzo, co cal ou vai agora ou xa nada, de ahí a urxencia.

O Sr. Rivas Álvarez, do Grupo Municipal de UPRI, quere preguntar porque poñen para o primeiro trimestre de 2011 e di que se non pasaron un recibo da luz de xaneiro, porque cre que sí.

O Sr. Rodríguez Andina di que o que pasou agora, que el debería saber que todos pagan luz fai un montón de anos, nunca se paga o do mes que se está pagando.

O Sr. Rivas Alvarez pregunta se se aplican xa as tarifas.

O Sr. Rodríguez Andina responde que non, porque é ata novembro, di que está no recibo porque alguén debeu mirar o recibo.

O Sr. Rivas Alvarez pregunta se se factura mensualmente.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, di que eles non teñen problema de aprobar as urxencias.

Polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a apreciación da urxencia da Moción epigrafiada do Grupo Municipal Popular, pasándose á deliberación do fondo da mesma.

Intervén o Sr. Rodríguez Andina e manifesta que o debate é moi sinxelo, di que o incremento é respecto da luz, da mesma forma que hai respecto do gas, da mesma forma que hai a eliminación dos 426 euros, do cheque bebé etc. di que alguén lle diga que isto é unha moción modelo, di que efectivamente que é unha moción modelo, porque entre outras cousas se o Concello de Ribadeo, en solitario lle plantea ao goberno central que manifesta o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno da luz, pois pódese rir, e partir o peito do sorriso o Ministro de Industria. Se instan ao goberno a alcanzar un pacto de política enerxética dende Ribadeo, que tamén se lle vai partir, e se lle piden que encima conxele o recibo da luz dende Ribadeo, que se parte máis aínda. Explica que se trata de acumular o maior número posible de acordos plenarios dos distintos Concellos para que non se rían tanto.

Prosegue sinalando o Sr. Rodríguez Andina dicindo que dende logo, o que é evidente, é que isto é un escalón máis, di que xa non vai facer a exposición de motivos porque como dicía o Sr. Pérez Vacas antes, como estan de “buen rollito”, non vai dicir que porcentaxes se subiron nin se baixaron nin cousas desas.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal do PSOE, di que continuando co “bo rollito”, van votar en contra, porque entende que é, evidentemente, unha decisión do Goberno da nación que está aí porque gañou unhas eleccións e está gobernando, ben ou mal, pero que cando toque vai haber outras eleccións e se a xente non está conforme con o que gobernou, cómo gobernou o goberno elixido , para eso está a votación, pero non cre que sexa un tema nin por moitas Mocións, nin por moitos Concellos que lle digan a un goberno como ten que gobernar, porque se cada vez que toman un acordo 5.000 Concellos se poñen de acordo para dicirle o que hai que facer , que gobernen os Concellos e non o goberno da nación, polo tanto eles van votar en contra.

O Sr. Rivas Álvarez, de UPRI, di que o seu grupo vai votar a favor, como “bo rollito”, porque lles parece que non están as cousas para subir, aínda que ben é certo que España non é un dos países da Unión Europea que máis alto paga o recibo da luz, que hai outros países que pagan bastante máis, pero tamén é certo que a situación non está para subir aos contribuintes en recibos que son practicamente como impostos mensuais, porque cada un paga case mensualmente agora. Di que eles teñen presentado neste pleno unha moción para solicitar que se pedise que non se facturase segundo datos estimatorios, se non a factura real e que se volvese cobrar aos contribuintes a lectura real, non a estimatoria, porque hai casos sangrantes e tan importante como iso. Di que non recorda se todos votaran a favor ou se votaran en contra, que non se da conta, que non se acorda como fora. Repite que el non ten inconvinte en votar a favor porque entende que a situación que hai agora mesmo non é para estar subindo os impostos aos contribuintes, e neste caso o recibo da luz que é como un imposto directo máis.

O Sr. Alcalde di que se atopan nun brete, porque están no medio, pero que teñen que ser tamén honrados e actuar en consecuencia, que tamén recibiron estes días unha Moción sobre o particular, que non sabe se é porque gobernan, pero non fan coma eles e como a recibiron o outro día non a meten por urxencia.

Di o Sr. Alcalde que estaba mirando exactamente o que poñía, neste momento, porque lle la mandaron hai tres días e incluso pon o mesmo máis ou menos, con outro argumentario, refírese tamén ao gas e unha serie de cuestións, dobremente afectados, dado que as pensións e os salarios eiquí son o 30% máis baixos que en todo o Estado. O Sr. Alcalde cre que eiquí teñen a culpa, xa que se fala de política, o PP e o PSOE, e non o di porque sexan do BNG, se non porque eso honradamente é así, que nas “vacas gordas” daquela expansión económica do goberno de Aznar conxelou a suba do recibo da luz e foi incrementando un déficit tarifario enorme, que supón que agora o goberno do PSOE non lle quedou máis remedio, xa que se non podería estoupar a situación, pero que o goberno do PSOE non ten razón ningunha.

Explica o Sr. Alcalde que escoitou o outro día a Gaspar Zarrías que lle petaba ao PP, pero honradamente non ten razón porque se o fixera no ano 1 de estar gobernando, pero fíxoo aos 7 anos de estar gobernando, ou 6 anos, entón agora dicir que a culpa foi de Aznar pois “agora vaiche boa Marica non chores”, pois sí foi a culpa pero tamén foi a culpa deles por non ir subindo, permitindo que ese déficit tan grande se fora incrementando. Explica que polo tanto a quen lle toca é aos “paganos”, os que menos teñen, e eiquí en Galicia dobremente paganos, porque salarios e pensións son máis baixos que no resto do Estado, polo tanto o BNG quere engadir que non están de acordo con este argumentario de que os do PSOE son moi malos e os do PP eran moi bos, di que aí non están de acordo, pero como o que están é na parte dispositiva a el gustaría lle poder engadir o tema do gas tamén, se non hai ningún problema, e fai referencia a problemática derivada da substitución do carbón importado polo carbón español.

O Sr. Rodríguez Andina di que non hai ningún problema.

O Sr. Alcalde di que se se incorpora o tema do gas, o seu Grupo vota a favor da moción.

O Sr. Rodríguez Andina di que ao razoamento do portavoz do PSOE lle ten que contestar, porque di que se se teñen que queixar na moción anterior que era de UPRI e do PSOE ante a Xunta de Galicia, esixirlle que cambie de ubicación polos danos e prexuízos e faise dende o Concello, pero eiquí non se lle pode pedir ao goberno central porque o goberno central é quen gañou as eleccións, é dicir, que en Galicia non debeu gañar o goberno as eleccións, debeuno gañar calquera por aí adiante, porque aos de Galicia sí que se lles pode correxir a palabra, aos de Madrid non porque gañaron, entón mentras gañen poden facer todas as falcatruadas que lles dea a gana, cando deixen de gañar, que deixarán pronto, entón xa as farán outros.

Di o Sr. Rodríguez Andina que lle parece unha mensaxe un pouco rara. Tamén quere dicir que o portavoz do BNG, neste caso que faga caso das eléctricas e do goberno central aceptando de man ese gran déficit tarifario que foi provocado por non sei qué e non sei canto, di que non cría él que fora o BNG o que se sumara a esa mensaxe de déficit tarifario para que o paguen os que non teñen os cartos pero que está ben.

Continúa expoñendo o Sr. Concelleiro que un di que ao goberno, que é do seu partido, non se lle pode dicir porque gañaron, os outros non, e vostede (referíndose ao Alcalde) di que as empresas eléctricas de distribución de enerxía teñen moita razón porque perden tanto por culpa do PP que entón acumularon tal déficit que de todas formas, aínda con ese razoamento, di que

ademais de que non suba a luz que tampouco suba o gas, que tamén é curioso, aceptando ese razoamento previo, pero que como están de “buen rollito” e van aprobalo que vale.

O Sr. Alcalde di que de “bo rollito” sí, pero que hai que matizar o tema porque son excedentarios en electricidade e enerxía eléctrica, Galicia aínda a día de hoxe, que fixeron os deberes porque son os máis dóciles do Estado, e como son un pouco “fatos” moitas veces pois son os máis dóciles, que as Centrais de As Pontes, de Meirama, tiveron que parar de extraer carbón porque non era rentable, que era moi malo e contaminaba, entón mellor había que ir compralo a Polonia, e agora resulta que se deixa de producir e a mina échese de auga, faise un lago natural e chega outro goberno do Estado, do PSOE neste caso, e di que non, porque os que se manifestan en Villablino e ahí hai votos en Asturias, porque son do PSOE, pois modifican a norma e pódese volver a usar carbón, do que antes contaminaba e era moi caro.

Explica que os de eiquí agora que xa deixaron de producir, pois que agora que se fastidien, porque aí como son do PP, e explica que básicamente é así a síntese, polo que son dobremente prexudicados por un montón de cousas, e di que eso non é o problema do gas, pero a cuestión eléctrica é sangrante e é un delito o que están facendo entón eles non teñen porque non apoiar esta cuestión.

O Sr. Pérez Vacas responde que non se trata de ningún delito que xa hai un fallo constitucional do Supremo a favor dos decretos, e diríxese ao Sr. Secretario para verificalo.

O Sr. Alcalde aclara que é un delito moral.

O Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista di ao Sr. Alcalde que deses hai moitos.

O Sr. Rodríguez Andina dille ao Sr. Alcalde que el sigue apoiando o argumentario das grandes eléctricas.

O Sr. Alcalde di que non, que el coas grandes eléctricas tampouco ten moito que ver, o que sí con E.ON a ver se paga a “santísima” subestación eléctrica, pero que parece que non é culpa de E.ON, se non da Xunta que non da licitado a cousa.

Sometida a votación a Moción do Grupo Municipal Popular coa enmenda engadida, relativa ao gas do Grupo Municipal do BNG, por 10 votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais de BNG, PP e UPRI) e 3 en contra (dos membros do Grupo Municipal do PSOE), acordase:



1º.- Manifestar o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo aoberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.

2º.- Instar ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto prexudica aos intereses de Galicia.

3º.- Instar ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.

4º. Manifestar igualmente o rexeitamento a subida do prezo do gas e instar a conxelar o mesmo, xa que tamén é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.

5º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións, sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

## **2011/12/12.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

### **Rogos e preguntas pendentes do Pleno anterior.-**

Comeza intervindo o Sr. Alcalde contestando a unha pregunta do Sr. Reymóndez Gancedo, de UPRI, que non lle contestou no pleno anterior, interesándose polos expedientes que houbera de accidentes na Vía Transversal. Afirmar que lle preguntou aos servizos técnicos e que máis ou menos unhas oito, tamén lles preguntou cantos poderían dar resultado de que o Concello tivera que abonar e di que, pola información que teñen, ningún.

O Sr. Alcalde, ironiza, dicindo que cre que o Sr. Reymóndez Gancedo, ten gañas de que haxa que pagar algo.

O Sr. Reymóndez Gancedo contéstalle que ten gañas de que se amañe.

O Sr. López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, sinala que hai unha pregunta pendente de contestar do pleno do 15 de novembro con relación á limpeza da tubería dos conductos de auga da estación de bombeo ata Ribadeo, e que preguntara quen ía encargarse da limpeza, se o Concello ou Aquagest.

O Sr. Alcalde responde que vai ser sincero e que non o sabe, porque nestes últimos meses, di que pode dar fe o Secretario, porque hai que resolver de que maneira se fai, di que é algo inédito aínda en Ribadeo e que non o ten resolto. Admite que están en “cincuenta mil cousas”.

O Sr. López Pérez di que queda pendente e non pasa nada.

### **Rogos e preguntas correspondentes á sesión.-**

#### **Rogos e preguntas do Grupo Municipal Socialista.**

A continuación comeza o turno de intervencións preguntando o Sr. López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, que teñen pensado na rúa Vilalba que está escasa de luz, na metade da rúa Vilalba hacia a Avenida de Galicia.

Pregunta o Sr. Alcalde se é porque se fundiron as luces.

O Sr. López Pérez di que é porque non hai luz pública.

O Sr. Alcalde admite que lle deron queixas fai unhas dúas semanas e mandou ao electricista que fora resolver e entende que está resolto, pero que non sabe cando lle dixeron eso.

O Sr. López Pérez, di que fai unha semana.

O Sr. Alcalde repite que fai unhas dúas semanas lle deron queixas de que non había luz dunha parte, e pediulle ao electricista que fora resolvelo.

O Sr. López Pérez, di que se están en vías de resolvelo, e que se teñen coñecemento, que lles rogaría que o revisaran porque o outro día el mesmo pasou e fixouse e da a sensación de que hai pouca luz.

Continúa o Sr. López Pérez facendo mención a un rogo que lle fixera ao Concelleiro Castro Reigosa relativo a se sería posible situar algunhas bancas públicas para sentarse os cidadáns na zona da Faxarda, de A Pega, do campo de fútbol, que pasea moita xente maior por esa zona a diario, e el mesmo é dos

que pasean tamén por aí, e di que moita xente se queixa da falta de bancos onde poder sentarse.

O Sr. Castro Reigosa pregunta se é no camiño do cemiterio.

O Sr. López Pérez contesta que non, que é na zona de A Faxarda, A Pega, Camiño do cemiterio, toda aquela zona que colle todo hacia Os Malatos, toda aquela zona.

O Sr. Castro Reigosa di que tiña a referencia do camiño do campo de fútbol hacia o cemiterio, que era dificultoso, en cambio en A Faxarda, na esquina podería ser.

O Sr. López Pérez di que sí, que unhas bancos por alí poderían instalarse, porque hai moita xente que pasea.

Segue dicindo o Sr. Concelleiro que xa que hai tan “bo rollito” non quixera ser quen o troque pero que ten unhas cousas, como que no pleno pasado preguntou polas obras da travesía e se se estaba cumprindo a Lei de Contratos da Administración Pública, e que non lle gustou moito a repetición de pregunta ao Sr. Alcalde, e contestou que sí, que a empresa adxudicataria comunicara ao Concello a subcontrata da obra e instouno a solicitar un documento que solicitou, e ten que dicir que eso non é o que di a lei, que a lei di que a empresa debe comunicar anticipadamente por escrito a intención de celebrar os subcontratos e que eso non se produciu.

Di o Sr. Concelleiro no uso da palabra que agora non van insistir no tema, pero que eso non se produciu e é unha ilegalidade. Di que o Sr. Alcalde o remitiu a un documento e díxolle que o podía solicitar, e solicitouno, e ese é o documento de coordinación de seguridade e saúde na execución da obra, que por certo o leu de arriba a abaixo e fan mención a un artigo no aviso previo que le “segundo o artigo 18 do Real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro polo que se establecen as disposicións mínimas... está derogado”. Di que está derogado ese Real Decreto polo Decreto 337/2007.

O Sr. Alcalde admite que ten un defecto formal e xa foi advertido.

O Sr. López Pérez di que entón é todo “unha chafullada”, que xa non vai volver insistir máis pero que non lle parece lóxico, quere que rematen as obras canto antes, que quede o mellor posible etc. pero di que non se fixeron as cousas como deberían facerse e ese documento non é o que di a lei.

O Sr. Alcalde di que foi advertido por un funcionario que lle dixo eso, que o vira o Sr. López Pérez.

O Sr. López Pérez di que ese documento está asinado polo Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde admite que está mal, que o coordinador non fixo a relación.

O Sr. López Pérez dí que espera que acaben canto antes a obra e pregunta por qué está parada estes días, se non traballan por algún motivo especial.

O Sr. Alcalde di que se ía empezar nesa semana, que sería unha coordinación de inicio de ano.

O Sr. López Pérez di que non van machacar máis sobre o tema porque xa está todo falado e non van estar dándolle voltas á mesma cousa.

Refírese a continuación o Sr. Concelleiro no uso da palabra, a unha última cuestión, di que solicitou acceso ao libro rexistro de entrada de documentos e atopouse con unha factura que lle chamou “poderosísimamente” a atención e quere comentala, é dunha comida succulenta que se presentou o 19 de novembro de 2010 no Concello e pon 13 comidas, 450 euros, de Xornadas de Medio Ambiente, entón el permitiuse mirar como salía cada comensal pero que non dicía nada máis, nin quen foi nin quen son os comensais nin qué se comeu, entón parécelle un pouco excesivo.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro de Medio Ambiente, di que foron as Xornadas de Medio Ambiente, onde levaron a todos os relatores que foron pola mañá e pola tarde.

O Sr. López Pérez pregunta se esas 13 persoas gastaron cada un case seis mil pesetas para comer, xa que 13 comidas a 450 euros, tocan a trinta e pico. Di que non pon nada na factura, só 450, IVE engadido. Di que non lle parece unha facturiña presentar así 13 comidas, por 450 euros.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, di que o que pagou, precisamente en “Casa Pepe”, é dos comensais que foron ás Xornadas de Medio Ambiente que van pola mañá, di que non lle parece xusto que cando ven un relator de relevancia que lle dea o prato do día porque nunca foi así, pero aparte cre que o Sr. Rivas Alvarez o sabe.

Explica que realmente esa factura foi pagada por unha empresa que non ten nada que ver, como se a pagara o Concello, pero non a pagou o Concello. Di que eses cartos foron ingresados por unha empresa que neste caso foi Urbaser, que ingresa os cartos como contribución ás Xornadas de Medio Ambiente, e vai a caixa xeral, entón o que fixo foi ingresar os cartos o Concello.

O Sr. López Pérez di que haberá entón un asiento con estes cartos, con 450 €.

O Sr. Cupeiro Rodríguez admite que claro que o hai.

O Sr. Alcalde dí que quere dicir que as entradas que outros establecementos fagan van a unha caixa xeral.

O Sr. Cupeiro Rodríguez recalca que do Concello non se pagou unha peseta, aínda que é o de menos.

A Sra. Interventora di que eses 450 euros entran na contabilidade.

O Sr. Cupeiro Rodríguez aclara que a empresa esa ingresou 600 euros e pagáronse 450 de comidas máis ou menos, pero cre que a exposición é ben clara, que cando ven unha persoa de “relevancia” lóxicamente hai que ter coidado con eso porque se xogan un pouco tamén, se queren para a próxima dilles que coman o prato do día e listo.

O Sr. López Pérez di que ao mellor se puxeran os señores que foran, pero que nos decretos dese bloque hai máis comidas de Medio Ambiente.

O Sr. Cupeiro Rodríguez explica que son por ese motivo as comidas que hai de Medio Ambiente, porque ingresaron os cartos ao Concello, pasaron ás contas xerais e de feito están ingresados e despois o que fixo o Concello foi pagalas deses cartos.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo do PSOE, di que non entra no que se gasta nin no que non se gasta, se non no argumento que está dando, pregunta se lle quere dicir que as persoas relevantes ou relatores que veñen a Ribadeo teñen que comer máis caro que calquera dos que están alí.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que tampouco quere dicir eso, quere dicir que se realmente se vai comer nas Xornadas que veñen catedráticos ,etc.,que eso foi o pactado, 30 euros máis IVE, foi o que se fixo.

O Sr. López Pérez di que lle chamou a atención, simplemente.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que cre que queda suficientemente claro.

O Sr. López Pérez, pola súa parte di que queda claro, que sexa caro ou barato, a interpretación de cada un.

A Sra. Rodríguez Arca, do Grupo Municipal Socialista di que quere facer un rogo sobre a beirarrúa do Concello, na esquina, que non sabe cantas rodas van xa, que sae “así”, que está torta.

O Sr. Alcalde di que como hoxe están de “bo rollo” vai confesar que ten en contra ao arquitecto que non quere que se cambie, pero que van cortala, serrar en diagonal.

A Sra. Rodríguez Arca, di que a rúa xa é un pedazo máis alta e despois ten a beirarrúa.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, apunta que outra solución é poñerlle unhos obstáculos para que non pase ningunha roda.

O Sr. Alcalde di que o argumento ten a súa lóxica, que é que as rodas dos coches non invadan a beirarrúa, que fagan máis curva, entón hai que ver dúas cousas, que incluso o somete á súa consideración ao pleno, anular esas dúas prazas de aparcamento para que dean a curva ou serrar.

A Sra. Rodríguez Arca di que hai que baixar a beirarrúa que non están como para anular prazas.

O Sr. Alcalde di que logo meterán a roda na esquina e van acabar fastidiando a beirarrúa, porque van meter as rodas dos camións máis que dos turismos.

A Sra. Rodríguez Arca, pregunta respecto a que está cortado un tramo nada máis da rúa Vilandrando, e se se vai cortar tamén o de abaixo.

O Sr. Alcalde contesta que en principio que non, que se somete ao que digan os técnicos e de momento dixeron que cortara esa parte e unha vez que se resolverse eso que se abriera outra vez, entón naquel momento non sabía, cría que ao día seguinte se botaría o formigón.

### **Rogos e Preguntas do Grupo Municipal Popular.-**

Continúa agora o turno de intervencións facendo en primeiro lugar uso da palabra o Sr. López Penabad, do Grupo Municipal do PP, que dí que volve coa obra que dicía o Sr. López Pérez que está sen entregar. Pregunta se se fixaron na Avenida de Galicia, fronte ao CEMAR, que pasando pola estrada se ve a simple vista, di que hai unha pendente na beirarrúa, agora que actúa de papá e vai co carriño vaise para abaixo, e ese non é problema porque vai agarrando o carriño, pero se pasa unha silla de rodas é peor. Admite que sabe que antigamente estaba a beirarrúa así, pero se se fai unha obra nova o que lle parece increíble é que a deixen máis pendente aínda que a que tiñan.

O Sr. Alcalde contesta dicindo que recoñece que él mesmo tamén se fixou, porque cando se fai algo novo, incluso as beirarrúas son do ancho que eran, incluso un centímetro ou dous máis estreitas, sen embargo da a sensación de que é máis ancha porque está todo uniforme. Admite que o mesmo pasa exactamente coa inclinación, é a mesma que era, e repite o que lle dixo a concesionaria da obra porque lle reprochou eso, porque efectivamente hai unha caída enorme e o que din é unha de dúas, ou nesa zona o bordillo se sube moito, o cal é unha cousa impensable, ou pola contra se nivela e poñen un escalón para o porta, pero que queda con moitísimo escalón, que non se pode facer, e o que lle din é que é o mesmo que había, o que pasa que igual

antes estaba todo cheo de remendos e de plaqueta, e de cemento e tal, pero que é a mesma inclinación que había.

O Sr. López Penabad di que o problema é da obra.

O Sr. Alcalde di que o problema non é da obra, se non do replanteo dun edificio sobre unha rúa.

O Sr. López Penabad di que do replanteo do edificio, e se o edificio o fixeron demasiado alto que haberá que facer unha rampa.

O Sr. Alcalde di que na rúa Pintor Fierros hai chalets que se comen a beirarrúa, e habería que ir con unha radial e serralos.

O Sr. López Penabad di que é problema do edificio. Admite que é un rogo que lle fai e el non aceptaría esa beirarrúa como queda.

O Sr. Alcalde di que entón ponse a beirarrúa plana e que se poñan dous escalóns para entrar no portal.

A Sra. Rodríguez Arca, do Grupo Municipal Socialista, intervén e apunta que tamén poden poñer unha rampa.

O Sr. López Penabad, prosegue a súa intervención e di que él non está gobernando e fai ese rogo, é unha obra nova e parécelle demencial que quede aquilo como está. Continúa dicindo que fai moito tempo pediu un espello para a rúa Calvo Sotelo, no terceiro pleno ou así, din que como é unidireccional non o cren conveniente, di que é discutible e el segue opinando que é necesario, que se non o queren poñer que non o poñan.

Dí asimesmo o Sr. López Penabad que outro sitio onde sí que fai falta é en Cantalarrana, no cuartel da Garda Civil hai un aparcamento fronte ao cuartel e alí hai unha vía de dobre sentido, se se sae hacia abaixo, hacia a gasolinera, torcendo á dereita non se ve se ven un coche por alí, xusto na esquina do cuartel da Garda Civil, sería poñer un espello en fronte para poder ver, porque se se sae e se quere torcer á dereita non se ven os coches porque o impiden os propios coches que están aparcados alí.

Volvendo a ese tema, o Sr. López Penabad, manifesta tamén que non poñan o espello en Calvo Sotelo, pero que os pivotes para pechar a praza que hai detrás do Cine Teatro, segue dicindo que son moi necesarios.

O Sr. Alcalde dí que espera que noutras cousas os funcionarios lle fagan máis caso porque lle lo dixo de verdade.

O Sr. López Penabad, dí que cre que é a terceira vez.

A Sra. Sanjurjo Santar, do Grupo Municipal do PP intervén e pregunta que pasou coa reclamación que se lle mandou a “Google Maps”, da nube que tapa Ribadeo, se contestaron algo ou o ignoraron.

O Sr. Alcalde explica que mandou facela pero que non pode dicir.

A Sra. Sanjurjo Santar continúa falando de páxinas web e di que na páxina web de [www.ribadeo.org](http://www.ribadeo.org), hai á dereita tres palabriñas que poñen galego, castelán, inglés, afirma que galego e castelán, pinchen na que pinchen que son iguais, que a versión en castelán non existe.

O Sr. Alcalde di que ao igual que a da Xunta, quere dicir que as cousas estáticas sí que se cambiaron daquela, que lle dixeran de cambialas, pero que cando se colga unha nota de prensa pois é a nota de prensa como está, igual que na páxina da Xunta porque a mirou adrede, porque se se colga unha ordenanza, cólgase en galego.

A Sra. Sanjurjo Santar explica que se se mete un texto explicando algo, debe poñerse explicando en galego e en castelán, se non non lle serve á xente que vai aí.

O Sr. Alcalde responde que a parte estática traducíuse.

A Sra. Sanjurjo Santar pregunta por qué traduciu a actualidade.

O Sr. Alcalde manifesta que se traduciu despois de que se fixera a páxina, porque se fixera un apunte e a empresa quixo cobrar esa tradución que nunca se lle pagou e está pendente de recoñecer esa factura dende hai dous anos, sempre que lle pasan facturas para aprobar, sempre está esa e nunca a aprobou porque considera que era un traballo que deberan ter feito eles, porque se indicou galego, castelán e inglés. Admite que realmente en inglés hai pouca cousa.

A Sra. Sanjurjo Santar di que está estática, pero está en inglés, pero que pon unha noticia e está no mesmo idioma en todas as páxinas.

O Sr. Alcalde di que o que está en castelán, resulta que o tema variable cólleo do común, o tema estático está en castelán pero o tema variable cólleo do común e se no común se colga unha nota de prensa, cólgase en galego.

A Sra. Sanjurjo Santar manifesta que non o entende porque non está en dous sitios.



O Sr. Alcalde convídaa a que mire na páxina da Xunta e que unha cousa estática que se pon en castelán, logo que colla algún enlace dos dinámicos.

A Sra. Sanjurjo Santar di que da igual, que non van chegar a un acordo.

Pregunta a continuación a Sra. Concelleira no uso da palabra porque non se abre a rúa Reinante, diante do Centro de Saúde.

O Sr. Alcalde contesta que admite que porque estaba fraguando pero confía en que nesa semana se abra, porque explica que unha vez que se bota o formigón ten que fraguar, non sabe cantos días, porque se se mete un camión, logo escarcha.

Continúa a Sra. Sanjurjo Santar, formulando un rogo, que ademáis das luces que dicía o sr. López Pérez, na Vía Transversal, que queda contra o colexio, tamén está sen iluminación, ademáis da rúa Vilalba.

O Sr. Alcalde manifesta que eso foi obxecto noutra sesión e que o comentou no outro pleno e neste.

A Sra. Sanjurjo Santar pide que na zona do supermercado “Gadis” se chamen aos desratizadores, que non pasan de unha en unha as ratas, se non de tres en tres, que fan visitas guiadas pola rúa.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro de Medio Ambiente, contesta dicindo que admite que cada vez que o chaman que él chama á empresa desratizadora.

O Sr. Alcalde di que periódicamente ven a empresa “Sanal” e revisa e cando no pleno se di algo indícaselle expresamente.

### **Rogos e Preguntas do Grupo Municipal de UPRI.-**

Remata o turno de intervencións o grupo de UPRI, intervindo o Concelleiro Sr. Reymóndez Gancedo que quere empezar pedindo un rogo importante, conta que no inicio desta sesión plenaria, cando se deu conta dos decretos, que se falou dunha serie de gastos e de pagos importantes, publicidade e propaganda, asesorías externas, planes de sostibilidade etc. cre que hai unha serie de pagos que son necesarios, non importantes, necesarios, que se podía aforrar moito, e pensa que algún destes pagos, destas cantidades enormes son de dubidosa rendibilidade social e cun perfil de interés baixo, entón neste pleno puxéronse case todos de acordo, respecto dos baches e amaños e os danos que se están producindo na vila por culpa dos baches, que hai reclamacións patrimoniais e pídelles que lle faga caso, se non que como dixo o señor Concelleiro, alí arriba hai furados que entra unha vaca, e di que eiquí abaixo tamén, entón di que como se siga así, eses cartos de 3.480 euros para o Campionato Galego de Todoterreo, vai facerse polas rúas de Ribadeo.

Prosegue manifestando o Sr.Reymondez Gancedo, que gustaríalle que repararan o asfaltado que hai na travesía da Alza a San Lázaro, a que vai por onde está o Clube de Tenis e sube polo “chalet de Isabel”, que está desfeito.

Explica tamén o Sr.Concelleiro no uso da palabra que outro lugar é detrás de Casa Foguete, pero non sabe se corresponde ao Concello, que hai unha pista que está moi mal, a mesma que vai a unha casa ou dúas moi grandes que hai por alí. Explica que tamén hai que reparar o socavón, o bache que hai na rúa Carlos III, onde está a Balastrera, que houbo fai poucos días unha reclamación e tapouse pero volve estar outra vez descuberto.

O Sr. Alcalde contesta dicindo que hai varios baches por todo Ribadeo, e que seguramente se segue indicándollos, son coincidentes, e que están xa fai bastante tempo encargados, pero a verdade é que sempre que queren empezar chove e cando chove é tirar o diñeiro, porque nestas épocas tódolos anos pasa igual, e pode gobernar quen governe, da igual, porque no inverno é o peor momento para rebachear ou para amañar camiños.

Prosegue sinalando o Sr.Alcalde que admite que ese mesmo día non choveu pero en decembro e os primeiros días de xaneiro sí. Admite tamén que saben dese bache e él mesmo o mandou tapar con zahorra polo menos, para que mínimamente se cubrira, pero a zahorra vaise, e tamén hai outro sitio pola Veiga D’Aira, que tamén se fixo eso, e entende que nestes días en Pintor Fierros, Calvo Sotelo, etc.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, intervén e manifesta que quere dicir que o tema dos rebacheos está tratado xa con máis de unha empresa para o tema de poder facelo, e a recomendación das empresas é que antes de finais de febreiro, marzo é tirar os cartos.

O Sr. Alcalde aclara que tamén inflúe a temperatura da propia estrada.

O Sr. Reymóndez Gancedo, dí que anuncia que houbo reclamacións de veciños e usuarios en verán, que non é agora. Continúa falando da rúa Buenos Aires, onde tamén hai unhos baches no fondo e outro novo. Explica tamén que na rúa Julio Lazúrtegui hai unhas rodas a man dereita e estiveron limpando e dixéronlle a ver se denunciaba aquilo, que di que impacta, xa que a contaminación pode ser de impacto visual. Segue falando o Sr.Concelleiro do paso elevado da rúa San Lázaro que non está sinalizado nin pintado e di que hai algún que había que arranxar, porque aínda que vaia a 50 por hora, alí “saen os coches que mete medo”.

O Sr. Alcalde di que van ter que pintalo eles e punto, porque a empresa portouse ben, pero ao final non se portou tan ben, porque vai pasando e

dicindo que non se preocupe, pero pasaron tres ou catro meses dende que rematou a obra e non foron pintar.

O Sr. Reymóndez Gancedo explica que as xardineiras da rúa Rosalía de Castro ou os cinceiros, que non sabe o que son, di se se podían adecentar. Tamén se refire a que na rotonda que se fixo na praia das Catedrais, a que fixo a Deputación, di que dentro da mesma rotonda botaron unha grava gorda e non botaron terra para compactala entón cando ven o vento, o vendaval, ou algún coche que se despista esa grava, que é moi gorda pasa, para a parte de abaixo da rotonda, contra o norte, e eso non deixa de ser perigoso, os coches poden estropear unha roda pero unha moto pode tirala abaixo e unha bicicleta tamén.

Continúa o Sr.Reymondez Gancedo, referíndose á zona de As Catedrais, do aparcamento que hai, que non sabe se é o que está fronte ao restaurante, que cruza, di que alí non viña mal un paso de peóns, pero non sabe se se pode facer ou no, por tema de seguridade.

O Sr. Alcalde dille que é un aparcamento privado.

O Sr. Reymóndez Gancedo contesta que a estrada non é privada, e que alí hai coches e ás veces paran autobuses.

Asimesmo o Sr.Reymondez Gancedo volve a reitera-lo rogo doutra cousa que xa lle pediron máis vece, relativa á fonte de Ove que segue sen grifo e non sabe se non lle fan caso.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro de Medio Ambiente, dí que quere explicar que o solicitou dúas veces e colleron aos cativos que van ao campo en motos con bloques da parede, porque él mesmo atopou o bloque, e péganlle ao grifo co bloque, entón un grifo deses vale 20.000 “plumas” (en referencia ás antigas pesetas), cólleno e desguázano, xa van dúas veces. Di que son de bronce, que é cara a avería que fan. Di que contra eso non se pode facer nada, porque non vai estar repoñéndoo todos os días.

O Sr. Reymóndez Gancedo continúa a referirse ao entorno das vivendas do Instituto, entre o Instituto e a Escola de Idiomas, a urbanización Francisco Iglesias, se non se podía amañar o entorno aquel, as beirarrúas porque está todo moi perdido.

O Sr. Alcalde refírese a se son as rúas ou as beirarrúas, porque as beirarrúas hai que rompelas e facelas de novo, as do perímetro exterior, porque o bordillo está fundido e habería que mirar cun Plan porque non son 7.000 euros nin 8.000, non é unha cousa de brigada de Obras, é unha cousa potente.

O Sr. Reymóndez Gancedo se refire tamén ao entorno da Igrexa parroquial, contra o parque, e a esa zona de cemento.

O Sr. Alcalde di que eso é da Igrexa aínda que o utilizan os nenos.

O Sr. Reymóndez Gancedo dille que él que ten tanto “feeling” co Obispado pódalos informar, que todos saben que sí. Conta que relacionado cos amaños, hai outro que facer, na Avenida de Galicia, San Roque, onde o supermercado Alimerka, di que xa llo pedira máis veces, e non sabe se amañaron aquel camiño.

O Sr. López Pérez corrixe e di que non é con San Roque, se non coa Virxe do Camiño.

O Sr. Alcalde contesta que hai que acabar asfaltándoa.

Por parte dos membros do Grupo Municipal Popular se manifesta que xa o pedira a Sra. Docobo Fernández e anteriormente o Sr. Duarte Díaz ( q.e.p.d.).

O Sr. Reymóndez Gancedo, di que xa para rematar, fai un rogo respecto aos letreiros cos nomes das rúas, que unhos están torcidos outros vellos, e da unha imaxe do goberno negativa.

O Sr. Alcalde contesta que admite que sí e que están vellos e apunta que o de Dr. Moreda que se despintou e está branco e tamén o de Daniel Cortezón.

De seguido, sen mais asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as vintedúas horas e dezaseis minutos, extendéndose a acta presente, do que, como Secretario, certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,